

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 4 de novembro de 2011

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

Invitado:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día catro de novembro de dous mil once e baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, Sr. Caballero Alvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. González Carnero, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1250).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 28 de outubro de 2011. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr. Alcalde-presidente.

2(1251) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 41.960,43 € A FAVOR DA “FUNDACIÓN ALDABA” POLA PRESTACIÓN DOS SERVIZOS DO DISPOSITIVO DE ATENCIÓN Á INFANCIA E Á FAMILIA -SETEMBRO 2011. EXPTE. 69044/301.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.10.11, e de acordo co informe-proposta da técnica de Actividades Económicas, do 17.10.11, conformado

polo xefe da Área de Benestar Social e pola concelleira-delegada de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 41.960,43 €, a favor de “Fundación Aldaba”, CIF G-82453606, pola prestación dos servizos do dispositivo de atención á infancia e á familia durante o mes de setembro de 2011.

2º.- Imputar o gasto de 41.960,43 € á partida orzamentaria 2310.226.09.07 “Programa menores-convenio infancia”, minorando dito importe do RC 201100021255 de 296.505,37 €.

3(1252) INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 49.370,55 € A PROL DE “SERVICIOS AUXILIARES DE MANTENIMIENTO Y LIMPIEZA S.L.” POLOS SERVICIOS DE LIMPEZA, ACONDICIONAMIENTO E MANTEMENTO DOS CEMITERIOS MUNICIPAIS NOS MESES DE XULLO, AGOSTO E SETEMBRO. EXPTE. 9438/255.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 31.10.11, e de acordo co informe-proposta do técnico de Admón. Especial, do 24.10.11, conformado pola concelleira-delegada de Medio Ambiente, Igualdade e Xuventude, a Xunta de Goberno local acorda:

Aproba-la indemnización substitutiva a favor da empresa “Servicios Auxiliares de Mantenimiento y Limpieza, S.L.” (SAMYL S.L.) polo importe de 49.370,55 euros, co IVE engadido, como pago da factura polos servizos de limpeza, acondicionamento e mantemento integral dos cemiterios municipais prestados nos meses de xullo, agosto e setembro do presente ano, con cargo á partida orzamentaria 1640.2279900 do exercicio vixente.

4(1253) CLASIFICACIÓN DE OFERTAS DO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA A CONTRATACIÓN DO DESEÑO E PRODUCCIÓN DAS CARROZAS DA CABALGATA DE REIS 2012. EXPTE. 4016/335.

De conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 25.10.11, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento de referencia, no seguinte orde decrecente:

- | | |
|-------------------------------|--------------|
| 1. La fiesta Escénica S.L. | 10,22 puntos |
| 2. C.A. Totality Group S.L.U. | 10,00 puntos |

2º.- Requirir o licitador clasificado en primeiro lugar, La fiesta Escénica S.L. para que presente, no prazo dos dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 135.2 LCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva e, no seu caso, da garantía complementaria esixida.

Conforme a delegación acordada pola mesa de contratación na súa sesión de data 27.07.2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1254) SOLICITUDE DE AON GIL Y CARVAJAL S.A.U DE RECURSO ESPECIAL EN MATERIA DE CONTRATACIÓN CONTRA ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 16.09.11 QUE ADXUDICA A BVC ARTAI CORREDURÍAS DE SEGUROS S.A. O CONTRATO DE MEDIACIÓN DE SEGUROS PRIVADOS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 18701/240.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe da Área de Contratación e Novos Proxectos, do 28.10.11, que di o seguinte:

A XGL na sesión celebrada o 16 de setembro de 2011 adxudico a B.V.C. ARTAI CORREDURÍAS DE SEGUROS S.A., o contrato de mediación de seguros privados do Concello de Vigo, cunha porcentaxe de retribución do 7% respecto a prima neta dos seguros que o concello contrate.

Previamente, na sesión ordinaria do 26 de agosto a XGL clasificou as propostas admitidas ao concurso de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego no seguinte orde decreciente:

- 1.- B.V.C. ARTAI CORREDURÍAS DE SEGUROS, S.A.: 79 puntos*
- 2.- AON GIL Y CARBAJAL, S.A.U. CORREDURÍA DE SEGUROS : 71,50 puntos*
- 3.- CXG WILLIS CORPORACIÓN CAIXA GALICIA C.D.S.: 64 puntos*
- 4.- UTE MARSH, S.A. - CAMPOS&RIAL, S.A. : 61 puntos*

e requeriase ao licitador clasificado en primeiro lugar para que presentase a documentación necesaria para a formalización do contrato, e unha vez acreditada a mesma e adxudicado o contrato, formalizouse o 30 de setembro de 2011.

Notificado o acordo de adxudicación aos participantes no concurso, pola representación legal de AON GIL Y CARVAJAL S.A.U. CORREDURÍA DE SEGUROS, interponse contra o mesmo recurso de reposición interesando no corpo do escrito e nun OUTRO SI DIGO que se lle dé o carácter de Recurso Especial do art 310 da Ley 34/2010, a pesares de non ser ofrecido dito recurso .é, en todo caso a suspensión do acordo recurrido ó amparo do art 111.2 da Ley 30/1992 de 26 de novembro ata que non se proceda a resolución do recurso por canto a execución do mesmo podería causar perxucios de imposible o difícil reparación a su representada por canto conlevaría a suscripción de coberturas que comprometerían a posición do Concello de maneira irreversible.

Do contido do recurso plantexado deuxe traslado aos participantes no concurso para a presentación das alegacións que a seus dereitos conveñan e unha vez recibidas e estudadas poder propoñer ao Órgano de contratación o acordo que proceda.

Agora ben como o recurrente interesa a aplicación dos efectos previstos na Ley para o Recurso Especial, sendo uno de eles a paralización ou suspensión dos efectos do contrato procede analizar si o acordo recurrido é susceptible de dito recurso, sendo para iso necesario, conforme as modificacións da LCSP introducidas pola Ley 34/2010, atender a natureza xurídica do contrato e ao valor estimado do mesmo contido no seu prego regulador, encontrandonos que a Codificación do mesmo conforme a BASE 1 é : CPC – 81401, e CPV 66518100-5 que corresponde a categoría 6, Servicios financieros: a) Servicios de seguros del Anexo II da Ley 30/2007, e no presuposto base de licitación e precio do contrato, conforme a Base 2 dispon que o valor estimado do contrato é de 192.000 € incluíndo a duración máxima do contrato e as suas posibles prorrogas.

E dicir atopámonos nun contrato de servizos da Categoría 6 do Anexo II da Ley cun valor estimado de 193.000 €.

Si analizamos o contido dos artigos 37 e 310 da Ley que regulan os supostos especiais de nulidad contractual e os actos susceptibles obxecto de recurso especial concluímos que o acordo da XGL de 16 de setembro de 2011 non é susceptible de dito recurso por non ser un contrato suxecto a regularización armonizada, non ser un contrato de servizos comprendido nas categorías 17 a 27 do Anexo II cun valor estimado superior a 193.000 € e non ser un contrato subvencionado.

Polo que respecta a suspensión do acordo recurrido en aplicación da previsión do art 111.2 da Ley 30/1992 de 26 de novembro, no seu escrito limítanse a dicir que a execución do acordo podería causar perxucios de imposible ou difícil reparación a su representada por canto conlevaría a suscripción de coberturas que comprometerían a posición do Concello de maneira irreversible, non xustificando o alcance dos mesmos podendo entenderse que como a recurrente foi a adxudicataria do anterior contrato xa vencido le perxudicaría nos seus resultados económicos por non intermediar na suscripción das novas pólizas de seguros que se formalicen ao finalizar os prazos da vixencia dos contratos intermediados, neste senso os principios xurídicos a ter en conta son o de a presunción da legalidade e o de executoriedade do acto administrativo que determinan o carácter non suspensivo dos recursos administrativos, razón pola que o apartado 1 do art 111 da Ley, manifesta que a interposición dun recurso non suspenderá a execución do acto impugnado. Ademais, para poder adoptar o acordo de suspensión o apartado 2 exise ao órgano que teña que resolvelo en primeiro lugar a existencia das causas previstas no mesmo e ademais a “previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el perjuicio que se causa al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido”, e dicir, tería que facerse unha ponderación dos intereses en xogo dando sempre prevalencia ao gravamen que a suspensión supondría para os intereses públicos, ponderación que non pode levarse a cabo por non ser postos de manifesto polo recurrente e non ser apreciables polo informante.

En consecuencia, procede a desestimación do interesado polo que se propón á XGL, na súa calidade de Órgano de contratación do Concello a adopción do seguinte A C O R D O:

“ Desestimar a solicitude plantexada pola entidade AON GIL Y CARVAJAL S.A.U. CORREDURÍA DE SEGUROS, no corpo do escrito de formulación do recurso de reposición contra o acordo desta

XGL de 16 de setembro de 2011 de outorgarle ao mesmo o carácter de Recurso Especial do artigo 310 da Ley 30/2007 por non ser susceptible do mesmo polas razóns xurídicas expresadas na parte expositiva deste acordo e tramitalo polo procedemento ordinario do recurso de reposición da Ley 30/1992 de 26 de novembro, rexeitando a solicitude de suspensión do acordo recurrido por inexistencia xustificada das causas previstas no art 111.2 da Ley 30/1992 de 26 de novembro”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(1255) ALLEAMENTO DE 59 VEHÍCULOS PARA CHATARRA (SOLICITUDE DE OFERTAS). EXPTE. 3829/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 25.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

“Allear para chatarra 59 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir as seguintes condicións:

- ▣ As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- ▣ Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- ▣ Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar os bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- ▣ O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterá o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 59 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 59 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 59 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.

7(1256) ALLEAMENTO DE 23 VEHÍCULOS PARA CHATARRA (SOLICITUDE DE OFERTAS). EXPTE. 3815/241.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 19.10.11, conformado polo concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade, a Xunta de Goberno local acorda:

Allear para chatarra 23 vehículos que se atopan no depósito municipal (que figuran en relación adxunta), solicitando oferta a diversas empresas especializadas, que haberán de cumprir-las seguintes condicións:

- ▣ As empresas licitadoras estarán en posesión da autorización concedida pola Xunta de Galicia como xestoras de residuos perigosos (vehículos ó final da súa vida útil).
- ▣ Non se fixa tipo de licitación, debendo ofertarse unha cantidade global para o lote completo.
- ▣ Os gastos de recollida e traslado dos vehículos e motocicletas serán por conta do adxudicatario, debendo seccionar-las bastidores antes da retirada, no prazo máximo de 10 días (contado a partir da data de notificación do acordo de adxudicación), debendo presentalo xustificante do abono do prezo.
- ▣ O adxudicatario será o licitador que oferte un prezo máis alto.

As ofertas presentaranse en sobre pechado a través do Rexistro Xeral do Concello que conterà o seguinte modelo de proposición:

“D., con D.N.I. nº, en nome propio (ou en representación de), informado do procedemento para a venda para chatarra de 23 vehículos, solicita a súa admisión ó mesmo e fai constar:

- 1.- Que acepta integramente as condicións para a enaxenación dos 23 vehículos.
- 2.- Propón como prezo para a compra dos 23 vehículos o de euros.

Lugar, data e sinatura do licitador.

8(1257) DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

Examinadas as actuacións dos expedientes, vistos os informes das oficinas técnicas, os informes de fiscalización e os informes do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

A) Devolver a DIELECTRO INDUSTRIAL S.A. a fianza de 2.192,50 € constituída para responder da subministración de luminarias e lámpadas xa que foron recibidas mediante acta de 15.05.09 conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer o prazo de garantía. Expte. 3789/241.

B) Devolver a COVSA a fianza de 1.613,12 € constituída para responder das obras de mellora do pavimento do Cño. De Chans xa que foron recibidas mediante acta de 10.04.03 por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorre-lo prazo de garantía. Expte. 3806/241.

9(1258) FIXACIÓN DE PREZOS DE VENDA DE ENTRADAS DA PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE CULTURA NO AUDITORIO MUNICIPAL NO SEGUNDO SEMESTRE DO ANO 2011. EXPTE. 13478/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 21.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina Administrativa de Programación Cultural, do 7.10.11, conformado polo xefe do Departamento de Cultura e o xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, e o concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar os prezos de venda de entradas da programación do departamento de Cultura no Auditorio Municipal no segundo semestre do ano 2011, dacordo coa ordenanza reguladora de prezos públicos nº42, segundo o seguinte detalle:

“CON T DE TEATRO”: programación de teatro para adultos, que se desenvolve os venres, ás 21 horas. O prezo é de 7 €.

“con t minúsculo”: programación de teatro familiar, que se desenvolve os domingos ás 18 horas. O prezo é de 5 € para os adultos a partir de 13 anos e de 3 € para nenos até 12 anos.

“Vigo en danza”: programación de danza, que se desenvolve un sábado ao mes, ás 21 horas. O prezo é de 5 €.

En canto ao resto dos espectáculos programados fóra destes tres programas, e por indicación da concelleira-delegada da Área se establece en liñas xerais os seguintes prezos:

Resto da programación de teatro variado para adultos: O prezo en xeral será de 7 €.

Resto da programación infantil variada: O prezo en xeral será de 5 € para os adultos a partir de 13 anos e de 3 € para nenos até 12 anos.

Se establecerán abonos para os programas “Con T de Teatro” e “con t minúsculo” mensuais nos que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra.

Asemade se establecen dous tipos de abonos á carta pola compra de 5 espectáculos no que se aplicará un 15 % de desconto sobre o prezo total de compra e de 10 espectáculos, no que se aplicará un 25% de desconto.

As entradas serán postas á venda anticipadamente a través da web www.laboleteria.com e no mesmo despacho de billetes desde unha hora antes do comezo do espectáculo.

II.-Que o obxecto do presente convenio é o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2011”, consistente no desenvolvemento dun programa de carácter cultural que inclúe un circuío de actuacións culturais das agrupacións artísticas vinculadas á Federación, polos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo; co obxectivo de dinamizar e dar a coñecer as mesma no eido de promoción da artes, música e danza tradicional, e promover a participación da cidadanía en xeral.

O proxecto MOVE VIGO 2011 desenvólvese principalmente ao redor de catro programas: Samaín “Espírito de festa”, Magosto veciñal “Toma castaña”, Nadal veciñal “Goza da invernia” e instrumentos tradicionais “Coñece a túa música”.

III.- Que o Concello de Vigo vén levando a cabo dende hai anos unha importante labor para potenciar e dinamizar a cultura entre toda a cidadanía especialmente nos distintos barrios do termo municipal.

IV.- O Concello de Vigo, no seu vixente orzamento, ten previsto crédito de 19.000 euros con cargo á partida 3380.489.0009 (Convenio Federación Eduardo Chao - Movevigo), como subvención nominativa de concesión directa a favor da Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, C.I.F. 36.681.708, para o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2011”. O programa “MOVE VIGO”, foi creado pola Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” e é exclusivo desa entidade, desenvolvéndose de xeito ininterrompido dende o ano 2003 ata o ano 2009. Estas circunstancias impiden promover concorrencia pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervinientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2011”, que se levará a cabo principalmente nos distintos barrios e parroquias do termo municipal de Vigo.

V.- Que a Federación de Asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta da declaración responsable que achega ao expediente.

VI.- Que o Concello de Vigo e a Federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” veñen convindo e coadxuvando na organización do programa Movevigo dende o ano 2003 ao ano 2009, cuns resultados acadados moi satisfactorios para ambas as partes.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da Federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao”, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A Federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto ao desenvolvemento do programa MOVE VIGO 2011, concretamente, a:

1.- Cumprir o programa obxecto deste convenio de acordo co proxecto presentado con data 20/09/2011, que se achega como anexo Iº ao convenio. O importe do programa “MOVE VIGO 2011” ascende a 25.360 euros. Nestas cantidades enténdense incluídos todos os gastos que se deriven das actuacións e actividades do desenvolvemento do programa (recursos humanos e materiais, transportes, incentivos por actuación, etc).

2.-Asumir todos os seguros relativos ás actividades e espectáculos que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente (responsabilidade civil, accidentes, etc), para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da entidade asinante.

3- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, terán que cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

4.- Xestionar e aboar os dereitos de autor que se xeren como consecuencia da programación..

5- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

6- Editar e distribuír o material gráfico da programación que figura no convenio. En todos os casos deberá aparecer o logotipo da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo como patrocinador das actividades.

7- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actuacións. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

As actuacións con cargo a este convenio irán destinados ao público en xeral, con acceso libre e gratuïto, ata completar o aforo do lugar onde se celebren.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1.- Conceder directamente á entidade Federación de asociacións veciñais de Vigo “Eduardo Chao” unha subvención por importe de 19.000 euros para o desenvolvemento do programa “MOVE VIGO 2011”.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O Concello de Vigo aboará a FEDERACIÓN DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS DE VIGO “EDUARDO CHAO” a cantidade estipulada na cláusula segunda, apartado 1º, que ascende a 19.000,00 (dezanove mil) euros.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos o soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de Galicia 9/2007.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo de quince días a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos previstos pola concesión da subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto, a conta xustificativa a rendir deberá conter:

a) Memoria de execución xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación das actividades realizadas, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e/ou audiovisual, obxectivos acadados e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

1. Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

2. Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

3. Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto.

Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

Se a beneficiaria solicitase a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a axeitada xustificación da mesma, será comprobada polo servizo da Concellería de Cultura e Festas. O xefe do servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo servizo de normalización lingüística do Concello de Vigo. En toda a información editada figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo, e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e a presenza do persoal técnico do servizo de Festas nas propias actividades programadas.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual ata o 21 de decembro de 2011 e non será prorrogable.

Décimo oitavo.- A concelleira da Área de Cultura e Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto

no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo - A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Animación Sociocultural.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante o servizo de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, no lugar e data que se indican.

11(1260) SUBVENCIÓN A ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. E PROXECTO DE CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN TEATRAL DO TEATRO ARTE LIBRE. EXPTE. 13483/331.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 11.10.11, o informe de fiscalización do 19.10.11, e de acordo co informe-proposta da xefa da Oficina Administrativa de Programación Cultural, do 5.10.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e o concelleiro-delegado de Mobilidade, Transporte e Seguridade e Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Outorgar unha subvención de 4.000,00 € (catro mil euros) a Encena Producións Artísticas S.L., CIF: B36481042, para o financiamento da programación do Teatro Arte Libre, xestionado por esta entidade, con cargo á partida 3340.470.00.03 “programación teatral convenio Arte Libre do Brasil”, que figura no presuposto do Concello de Vigo.

2º.- Facultar á concelleira-delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar para asinar o convenio.

3º.- Aprobar o texto do proxecto de convenio entre o Concello de Vigo e Encena Producións Artísticas S.L. que regula o desenvolvemento da subvención outorgada para o financiamento da programación do Teatro Arte Libre.”

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DO TEATRO ARTE LIBRE

En Vigo, a _____ de _____ de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, Dna. Isaura Abelairas Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar, en representación do Concello de Vigo, CIF P3605700H, e con enderezo na Praza do Rei s/n, no sucesivo O CONCELLO.

Doutra parte, D. Roberto Cordovani de Moraes con NIF X1797844A e D. Eisenhower Moreno Lima con NIF X5801855J, na súa calidade de administradores mancomunados de Encena Producións Artísticas S.L. , CIF: B36481042, e con enderezo en Lougares Curceiro 7, 36870 de Modariz, que no sucesivo se denominará ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L..

MANIFESTAN

Que ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., tal e como establecen os seus estatutos ten como fins espectáculos teatrais e a formación e ensinanza de artes escénicas.

Que ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. ven xestionando desde o ano 2006 a programación do Teatro Arte Libre, amosando o máis experimental e arriscado das novas linguaxes escénicas, convertíndose nun referente na programación de artes escénicas da cidade e a nivel rexional e do Norde peninsular..

Que a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo considera que o interés público e social a programación do Teatro Arte Libre, promovido por ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., complementa a programación cultural propia do Concello de Vigo e contribúe á proxección exterior da cidade e á súa actividade cultural en España e norte de Portugal, o que determina o carácter singular da concesión da subvención.

Así as cousas, o Concello de Vigo no seu orzamento, na partida 3340.470.00.03 “programación teatral convenio Arte Libre do Brasil”, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 4.000,00 €, a favor de ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., CIF: B36481042.

Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26,1 da Lei 9/2007, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervintes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da programación do Teatro Arte Libre.

ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. non está incurso en prohibición para ser beneficiaria da subvención obxecto da Lei de subvencións de Galicia, e se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segunda resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

En base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., o Concello de Vigo e a dita entidade ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. conveñen a súa colaboración e a concesión da referida subvención en base as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO.

O presente convenio ten o obxecto de regular as condicións da subvención nominativa outorgada a ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. pola xunta de Goberno Local do Concello de Vigo con data _____, con destino á programación do Teatro Arte Libre.

SEGUNDA.- PRESUPOSTO E FINANCIAMENTO.

O presuposto xeral do programa obxecto do convenio ascende a un total de 65.820,00 € (sesenta e cinco mil oitocentos vinte euros). Os ingresos previstos por Encena Producións Artísticas S.L. para realizar este programa proveñen da subvención do departamento de Cultura do Concello de Vigo (4.000,00 €, 6,08 % do total), e de recursos propios e outras aportacións (61.010,00 €, 93,92 %).

TERCEIRA.- DATAS E LUGARES.

A programación do Teatro Arte Libre ten lugar durante todo o ano 2011 na sede do Teatro Arte Libre.

CUARTA.- MECANISMO DE ASISTENCIA TÉCNICA. OBRIGAS DE ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L.

- 1. Cumprir o programa obxecto da subvención de acordo co establecido neste convenio e no acordo de concesión, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades, tanto directos como indirectos (contratacións, produción, dereitos de autor derivados da programación, material gráfico, rotulacións, aluguer de espazos e gastos derivados do seu uso, etc.).*
- 2. Responsabilizarse da organización integral da programación do Teatro Arte Libre, de difundilo amplamente, dispoñer do espazo, solicitar os permisos correspondentes para a utilización dos mesmos, reservas de vía pública, solicitude de permisos de ocupación de vía pública, cargas e descargas, instalación de elementos, etc.*
- 3. Comprometerse á organización de todas as actividades, asumindo todos os gastos derivados desa programación, incluíndo as referencias que se acorden sobre a colaboración da Concellería de Cultura e Festas, derivada da subvención concedida a ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L.*
- 4. Incorporar os anagramas-logotipos do CONCELLO na forma que se detalla na cláusula sétima e comunicar co CONCELLO as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa da subvención obxecto deste convenio.*
- 5. Estar en comunicación permanente cos responsables de mantemento da páxina web da Concellería de Cultura e Festas facilitándolle toda a información necesaria para que a páxina Vigocultura.org estea ao día da programación do Teatro Arte Libre.*
- 6. ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. comunicará ao CONCELLO as modificacións das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención (de acordo co art.11.d da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia), en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou substitución por outros programas, ou ben proceder á redución do importe*

da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión (art.17.3 da citada Lei).

7. A concesión da subvención a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. implica a súa aceptación das obrigas sinaladas na resolución de concesión e nas normativas citadas sobre subvencións; particularmente sobre as obrigas sinaladas nos artigos 11 e 12, xustificacións, reintegros e subcontratación previstos na Lei 9/2007 do 13 de xuño de subvencións de Galicia.
8. ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. Poderá subcontratar as actividades subvencionadas dentro dos parámetros do artigo 27 de Lei de Subvencións de Galicia.

QUINTA.- MECANISMOS DE ASISTENCIA TÉCNICA, OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO-CONCELLERÍA DE CULTURA E FESTAS.

1. Realizar o seguemento do desenvolvemento da programación do Teatro Arte Libre e colaborar na súa viabilidade.
2. Xestionar o pagamento do importe da subvención, tras o cumprimento dos requisitos de xustificación e conformidades necesarias.

SEXTA.- MECANISMOS DE SEGUEMENTO DA SUBVENCIÓN E DO CONVENIO. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da subvención a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. é a unidade de Cultura do Concello de Vigo, á quen informará sobre o desenvolvemento da programación do Teatro Arte Libre.

Tamén comunicará á unidade de Cultura os posibles cambios na programación e, especialmente, a súa incidencia nos presupostos que deron motivo á concesión da subvención, por se procedera a súa revisión.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades do proxecto subvencionado e de informar sobre a adecuada xustificación da subvención poñendo de manifesto, expresamente, o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, xunto coa conformidade dos documentos xustificativos presentados.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

SÉTIMA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, da programación do Teatro Arte Libre; incorporando esta publicidade, de forma particular, nas publicacións, na páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, nas informacións xerais sobre o TEATRO ARTE LIBRE, etc., de acordo co departamento de Cultura da Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión da programación do Teatro Arte Libre. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo e da

Concellería da Área de Cultura e Festas figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, deberá acordarse coa Concellería da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao departamento de Cultura, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias TEATRO ARTE LIBRE, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha aportación ao proxecto subvencionado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

Asemade, ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. entregará material de difusión unha vez editado, tanto para a súa conservación no expediente de subvención, como para a difusión da programación desde o departamento de Cultura.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente comunicada ou acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura e Festas.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a aportación das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. facilitará ao departamento de Cultura toda a información sobre a programación do Teatro Arte Libre nos formatos axeitados, co fin de publicitalo en todos os soportes municipais (web, 010, Vigocultura, etc.).

LINGUA DE DIFUSÓN E PUBLICACIÓN.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto, e con carácter xeral, só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos particulares coa concellería de Cultura para que os elementos sexan subvencionables.

OITAVA.- PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O Concello de Vigo xestionará o pagamento a ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L. polo importe da subvención outorgada para a organización e realización da programación do Teatro Arte Libre, por importe 4.000,00 € trala aprobación pola Xunta de Goberno Local, unha vez asinado o presente convenio por ambas partes e tras recibir a documentación xustificativa, dos correspondentes informes técnicos e o conforme do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas.

DOCUMENTACIÓN PARA TRAMITAR O PAGAMENTO.-

- *Solicitud de pagamento da subvención, a través do Rexistro Xeral do Concello de Vigo, en todo caso antes do 30 de novembro de 2011.*
- *Cerficacións de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria, Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, Tesourería Xeral da Seguridade Social e Concello de Vigo.*
- *Memoria-avaliación da programación do Teatro Arte Libre, que xustificará o cumprimento das condicións impostas e a consecución dos obxectivos que deberá incluír como mínimo:*
 1. *Programa con información sobre organización, patrocinio, colaboradores, venda de entradas, etc.*
 2. *Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes).*
 3. *Memoria de prensa.*
 4. *Relación de material gráfico e de difusión con presenza dos logotipos do Concello de Vigo.*
 5. *Reportaxe fotográfica.*
- *Memoria económica xustificativa, con relación de gastos e ingresos pola totalidade do funcionamento da actividade subvencionada, con indicación de acreedores, conceptos, datas de emisión e importes. Tamén se achegarán as facturas orixinais correspondentes ao importe subvencionado.*
- *Detalles de outros fondos públicos ou privados obtidos por ENCENA PRODUCCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. para financiar a totalidade da programación do Teatro Arte Libre: importes, procedencias, datas dos ingresos e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas. Asemade, se achegará relación de ingresos obtidos por venda de entradas, merchandising, etc.*

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, o número e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo; non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1496/2003, polo que se regula o deber de expedir e entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais. Nestas facturas computarase o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo xustificación de exención de IVE, os xustificantes corresponderán aos gastos vinculados directamente o obxecto específico da subvención e polo importe da mesma.

Cando a entidade beneficiaria demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art.73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como se o importe do xustificante impútase total ou parcialmente a subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporarase ao expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá á devolución do orixinal.

Na conta xustificativa, nas facturas ou nos documentos xustificativos dos gastos non deberá constar de forma expresa que o gasto foi pagado pola entidade beneficiaria con anterioridade á finalización do proceso de xustificación previsto na resolución de concesión da subvención; entendéndose baixo a responsabilidade do beneficiario que o concepto facturado está realizado e conta coa súa conformidade.

A liquidación dos pagamentos da subvención están condicionados á conformidade do concelleiro-delegado da Área de Cultura e Festas, despois dos informes técnicos necesarios.

GASTOS SUBVENCIONABLES.-

Os gastos subvencionables corresponderán aos directamente aplicables á programación do Teatro Arte Libre, quedando excluídos os gastos xerais de funcionamento da entidade organizadora, os de investimento (obras e elementos inventariables) e os que non se axusten aos criterios lingüísticos sinalados.

A entidade beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de suministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

IMPORTE TOTAL DE SUBVENCIONS OU AXUDAS.-

A subvención do Concello de Vigo a ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L., é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. comunicará ao Concello de Vigo, a través do departamento de Cultura, a obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades subvencionadas, no momento en que teña constancia da súa efectividade, así como as datas en que resulten dispoñibles as aportacións económicas; en todo caso, a comunicación producirase con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

O importe das subvencións ou axudas percibidas por ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. para a actividade subvencionada en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade ou obxecto subvencionados (art.17.3 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia).

NOVENA.- XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN.

A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a súa concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Cultura e Festas. Os técnicos do servizo de Cultura emitirán informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Para estes efectos, no expediente consta un orzamento estimado de ingresos por importe total de 65.010,00 €. No caso de producirse modificacións ao respecto ENCENA PRODUCIÓNS ARTÍSTICAS S.L. Comunicará ao CONCELLO as modificacións co obxecto de determinar a oportunidade da autorización de modificación ou non do importe da subvención concedida ou reintegro. A alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión.

DÉCIMA.- INFORMACIÓN.

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Cultura e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO PRIMEIRA.- REINTEGRO.

Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e á esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención até a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá ao reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá ao reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO SEGUNDA.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención á que se refier este convenio e procedemento para a súa aparexación e imposición, estarase ao disposto no título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o regulamento do procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

DÉCIMO TERCEIRA.- PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSONAL.

A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo.

DÉCIMO CUARTA.- VIXENCIA, PRORROGABILIDADE E MECANISMOS DE DENUNCIA.

O presente convenio terá vixencia desde a data da súa sinatura até o 31 de decembro de 2011.

Este convenio non é prorrogable.

Calquera das súas partes asinantes poderá denunciar o convenio a través dunha notificación escrita cunha antelación mínima de tres meses.

DÉCIMO QUINTA.- RESOLUCIÓN DE CONTROVERSIAS.

A Xunta de Goberno Local resolverá as posibles controversias derivadas da execución ou interpretación deste convenio a concelleira-delegada de Cultura e Festas queda facultada para adoptar as medidas que contribúan ao seu cumprimento e desenvolvemento.

DÉCIMO SEXTA.- LEXISLACIÓN APLICABLE.

A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, do 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as bases de execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

En proba de conformidade, asinan por triplicado o presente convenio na data xa indicada.

ANEXO

PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E ENCENA PRODUCCIÓN ARTÍSTICAS S.L., RELATIVO Á APORTACIÓN DO CONCELLO DE VIGO PARA A PROGRAMACIÓN DO TEATRO ARTE LIBRE NO ANO 2011

PRESUPOSTO

INGRESOS PREVISTOS

Departamento de Cultura do Concello de Vigo	4.000,00 €
Ingresos de explotación	15.200,00 €
Agadic	40.000,00 €
Recursos propios	6.620,00 €
TOTAL	65.820,00 €

GASTOS

Gastos de persoal	13.400,00 €
Gastos fixos da sala	26.600,00 €
Gastos de programación	10.740,00 €
Dereitos de autor	2.500,00 €
Outros gastos	12.580,00 €
TOTAL	65.820,00 €

12(1261) DEVOLUCIÓN DE FIANZA A JOSÉ MANUEL OLVEIRA HORTAS POLA CELEBRACIÓN DA 1ª CARREIRA DOS JORD@S. EXPTE. 10753/333.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director Deportivo do IMD, do 26.10.11, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno acorda:

Autorizar a devolución do aval de 4.000€, imposto polo departamento de Montes, Parques e Xardíns a José Manuel Olveira Hortas, con motivo da celebración do evento denominado 1ª Carreira dos Jord@s, no parque de Castrelos”o pasado 16 de outubro de 2011.

13(1262) DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE INSTRUCIÓN INTERPRETATIVA DE APLICACIÓN DO RÉXIME DE PERMISOS, VACACIÓNS E LICENZAS: PERMISO PARA ASISTENCIA A EXAMES FINAIS OU DEMAIS PROBAS DEFINITIVAS DE APTITUDE. EXPTE. 22452/220.

Dáse conta do informe xurídico da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 18.10.11, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior, que di o seguinte:

O Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións legais vixente en materia de Réxime Local, contempla no seu artigo 142 o dereito dos funcionarios da Administración Local aos permisos, licenzas e vacacións retribuídas previstas na lexislación sobre función pública da Comunidade Autónoma respectiva, e, supletoriamente, na aplicable aos funcionarios da Administración do Estado.

Tras a entrada en vigor da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, as Comunidades Autónomas procederon a efectuar a adaptación normativa, dentro do seu ámbito competencial, ao novo marco deseñado polo lexislador estatal, partindo do establecemento dos mínimos contido na referida norma básica estatal. No que respecta á Comunidade Autónoma de Galicia, foi aprobado o Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia; norma que, como se sinala no seu artigo 3, resulta de aplicación ao persoal ó servizo da Administración Local no que non está reservado á lexislación do Estado, significando igualmente que o persoal laboral rexerese pola lexislación laboral e polos preceptos desta lei que lle sexan aplicables (apartados 2 e 3).

O artigo 76 do Decreto lexislativo contempla o réxime de permisos por causas xustificadas, tendo cada un deles unha casuística específica na aplicación práctica dos mesmos. Concretamente, e no suposto da Administración Municipal de Vigo, xenera especiais distorsións o permiso contemplado no apartado 1, letra d) do citado artigo, conceptualizado como permiso para concorrer a exames finais e demais probas definitivas de aptitude, e que permite a ausencia ao posto de traballo durante os días da súa realización.

A orixe do citado permiso, contemplado primixeniamente na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de Medidas para a Reforma da Función Pública, permitía conciliar a xestión do tempo libre de cada un dos empregados/as públicos, concretada no seguemento de estudos de carácter oficial, coa ausencia puntual ao posto de traballo na data e horas de realización de exames finais ou demais probas definitivas de aptitude. Dito permiso foi recollido convencionalmente na maioría das Administracións Públicas territoriais no texto dos correspondentes Convenios colectivos e/ou Acordos Reguladores, e o mesmo contextualizábase no marco dos plans de estudos establecidos nas respectivas Universidades de todo o territorio nacional, a maior parte deles aprobados nas décadas dos anos 50 e 60 do século XX, e que contaban con 3 convocatorias oficiais ao ano (xuño, setembro e extraordinaria de decembro) e

algúns exames parciais –de carácter liberatorio ou non- de establecemento e realización potestativa por parte de cada docente universitario.

Na actualidade, a entrada en vigor do Espacio Europeo de Educación Superior (EEES) implica unha profunda transformación do sistema universitario en España, establecendo un sistema docente e lectivo totalmente diferente ao existente; no mesmo, a carga de traballo -horas de clase maxistral, preparación de traballos/informes/prácticas, estudio por conta do alumno, etc.- que se empreguen para superar cada materia medírase en créditos do Sistema Europeo de Transferencia e Acumulación de Créditos (créditos ECTS o ECTS).

Ditos ECTS facilitan a mobilidade do alumno/a, dado que en tódolos países do EEES (actualmente, 46 estados segundo datos do Ministerio de Educación e dispoñibles na web.) recoñeceranse e transféranse créditos ECTS, plenamente válidos en todos os sistemas universitarios europeos.

A configuración do dito espazo académico en cada universidade produciu unha disparidade nos criterios docentes establecidos para a determinación do contido e calendario de cada unha das materias integrantes das correspondentes titulacións oficiais, de xeito tal que o sistema de convocatorias e de avaliación do alumnado é diametralmente oposto aos tradicionais plans de estudos, de xeito tal que o permiso para asistencia a exames finais ou probas definitivas de aptitude necesita ser interpretado e clarexado, sempre co obxectivo final da garantía do interese xeral e da adecuada prestación do servizo público, que sempre debe primar fronte ao uso individual que do seu tempo libre efectúe, libre e voluntariamente, cada un dos 1.347 empregados/as públicos municipais, circunstancia ésta que en modo algún pode afectar ao correcto funcionamento da Administración Municipal de Vigo.

Deste xeito, foi elevada consulta ao Ministerio de Política Territorial (Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e relacións Institucionais) do Goberno de España, a fin de coñecer os criterios existentes nas diferentes entidades locais de todo o territorio nacional, sendo proporcionada resposta en data 04/10/2011 (Consulta C.74/11), transcribíndose extracto literal do seu contido como parte integrante da motivación da presente Instrucción, e indisoluble da mesma:

“Se ha recibido en este Centro Directivo por medio de correo electrónico en fecha 28 de septiembre pasado su consulta en relación con el alcance del artículo 48.1. d) de la Ley 7/2007, del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP).

Se pone de manifiesto en la misma que determinados efectivos de esa Corporación que están cursando estudios de forma libre y voluntaria para la obtención de la titulación académica oficial dentro de los actuales planes de Estudio, solicitan con reiteración permisos para asistencia a exámenes finales, cuando en realidad están asistiendo a clases, justificando que dicha asistencia es imprescindible para la superación de las asignaturas impartidas.

Antes de efectuar cualquier consideración al respecto, conviene hacer referencia a la regulación legal de los permisos que tienen por finalidad acudir a los exámenes finales y demás pruebas definitivas de aptitud en Centros Oficiales.

Hay que partir, en el ámbito local, mencionando el artículo 142 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, que establece:

“Los funcionarios de la Administración Local tendrán derecho a las recompensas, permisos, licencias y vacaciones retribuidas previstas en la legislación sobre función pública de la Comunidad Autónoma respectiva y, supletoriamente, en la aplicable a los funcionarios de la Administración del Estado”.

De este modo, los funcionarios de Administración Local de esa Comunidad deben regirse, en primer lugar, por lo dispuesto en su normativa autonómica que como refleja en su escrito viene establecida en el Decreto 1/2008, de 13 de marzo, que aprueba el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, cuyo artículo 76.1.c, reproduce la redacción del artículo 48.1.d, de la Ley 7/2007, de 12 de abril del Estatuto Básico del Empleado Público (EBEP).

Con anterioridad a este marco normativo, la Ley 30/1984, de 2 de agosto, de aplicación supletoria al personal de las Corporaciones Locales, en su artículo 30, apartado 1. d) determinaba la concesión de este permiso por la siguiente causa justificada: “para concurrir a exámenes finales y demás pruebas definitivas de aptitud y evaluación en Centros oficiales, durante los días de su celebración”.

Actualmente, el vigente artículo 48.1, d) del EBEP, establece:

1. Las Administraciones Públicas determinarán los supuestos de concesión de permisos a los funcionarios públicos y sus requisitos, efectos y duración. En defecto de legislación aplicable los permisos y su duración serán, al menos, los siguientes:

d) Para concurrir a exámenes finales y demás pruebas definitivas de aptitud, durante los días de su celebración.

Así mismo, en el ámbito de la Administración General de Estado, la Resolución de 20 de diciembre de 2005, de la Secretaría General para la Administración Pública, por la que se dictan instrucciones sobre jornada y horarios de trabajo del personal civil al servicio de la Administración General del Estado, dispone en su apartado Décimo que podrán concederse permisos para “la formación profesional y el desarrollo personal” en los siguientes supuestos:

a) Para concurrir a exámenes finales y pruebas de aptitud y evaluación para la obtención de un título académico o profesional reconocidos, durante los días de su celebración.

(.....)

Es significativa la Sentencia de la Sección 1ª de la Sala de lo Contencioso Administrativo del Tribunal Supremo, de fecha 28 de junio de 1996 (RJ/1996/5451), en referencia al artículo 30.1.d. de la Ley 30/1984, de 2 de agosto, en el sentido de que el permiso por examen deberá concederse por el tiempo indispensable para concurrir al mismo, entendiéndose que la expresión «tiempo indispensable» no supone el otorgamiento del permiso necesariamente durante todo el día de la celebración de las pruebas, pudiendo darse el supuesto de que dicho permiso sea concedido sólo para determinadas horas de la jornada laboral, siempre que las que se concedan permitan concurrir a la celebración de la prueba y regresar a tiempo a la dependencia donde se presta servicio; fuera de la jornada laboral: si ésta no se ve afectada por las circunstancias del examen, no procederá el otorgamiento de permiso alguno: doctrina legal.

Continúa la Sentencia afirmando que la precisión debe hacerse interpretando el precepto atendiendo, más que a su literalidad, a su espíritu y finalidad, ponderando los dos intereses en juego, el del funcionario de disponer del tiempo necesario para poder concurrir al examen, de manera que su jornada laboral no haga inefectivo ese derecho, y frente a él, el interés de la Administración, en que el tiempo que se conceda al funcionario sea el indispensable para que pueda hacer efectivo aquel derecho, de forma que la concesión del permiso no suponga el alejamiento de su puesto de trabajo en detrimento excesivo para los intereses públicos, que con la función se sirven.

Asimismo de los razonamientos anteriores se infiere que si las pruebas de aptitud se celebran fuera del horario de trabajo, y en la misma localidad de destino, y tampoco se ve afectada por las circunstancias del examen la jornada laboral, no resulta procedente la concesión de permisos.

En atención a lo expuesto, hay que considerar que este tipo de permisos regulados en la legislación citada son permisos que tienen causa legal y deben ser atendidos, en todo caso, cuando esté debidamente justificada su concesión, si bien se debe procurar siempre hacer compatible el derecho del funcionario y la exigencia de que no se resienta el normal funcionamiento del servicio.

Sin embargo, aquí no se trata de permisos para concurrir a exámenes finales o pruebas definitivas puntuales de aptitud al uso tradicional, si no de la exigencia de una asistencia reiterada para la superación de unas pruebas determinadas que exigen una presencia continuada. Es evidente que la cuestión fáctica que se plantea produce una colisión entre el interés particular del empleado público en desarrollar una actividad personal formativa que realiza de forma libre y voluntaria, y su actividad profesional retribuida, supeditada siempre al servicio de los intereses generales y dimanante de la relación de servicio público que le liga con la Administración, y en consecuencia incompatible con esta al desarrollarse en una franja horaria coincidente.

En realidad deben buscarse formas de compatibilizar ambas actividades acudiendo al sistema de turnos, Universidad a distancia, por poner algunos ejemplos. Del mismo modo, se tiene conocimiento de que se están realizando esfuerzos en la dirección de que los títulos universitarios oficiales de Grado y Máster deban permitir que los alumnos puedan compatibilizar sus estudios con el ejercicio profesional cuando así lo demanden los propios interesados.

Por último, cabe afirmar que es criterio de esta Unidad que la aplicación de los preceptos señalados al caso en cuestión ha de condicionarse a las circunstancias que concurran en el mismo cuya ponderación ha de corresponder al órgano o autoridad a quien corresponda la concesión o denegación del permiso, con subordinación del interés personal respecto de la prestación del servicio público, sin perjuicio de que el interesado pueda emplear las vías reaccionales previstas en el ordenamiento jurídico si considera que la actuación de la Corporación Municipal no se ajusta a derecho.”

O artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (LRXAP-PAC) establece as facultades dos órganos administrativos para a dirección da actividade dos seus órganos xerárquicamente dependentes, concretadas en instrucións ou ordes do servizo.

En consecuencia, e de conformidade coas competencias que en canto á planificación, desenvolvemento e execución das políticas públicas en materia de planificación e xestión de recursos humanos, establecemento de criterios e directrices básicas de articulación das mesmas, así como a xefatura directa e inmediata do persoal municipal ostenta o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, consignadas no Decreto de delegación de competencias da Excma. Alcaldía-Presidencia de data 13/06/2011, así como Acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2011; ao abeiro do establecido na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada por Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e demais normativa sectorial –básica estatal e autonómica- de concordante e coherente aplicación, pola presente elévase ao dito órgano a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:

“PRIMEIRO.- Aprobar, ao abeiro do disposto no artigo 21 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, a INSTRUCCIÓN INTERPRETATIVA DE APLICACIÓN DO RÉXIME DE PERMISOS, VACACIÓNS E LICENZAS DOS EMPREGADOS/AS PÚBLICOS AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO: PERMISO PARA A ASISTENCIA A EXAMES FINAIS OU DEMÁIS PROBAS DEFINITIVAS DE APTITUDE

-ARTIGO 76.1,D) DO DECRETO LEGISLATIVO 1/2008, DO 13 DE MARZO, POLO QUE SE APROBA O TEXTO REFUNDIDO DA LEI DE FUNCIÓN PÚBLICA DE GALICIA”, que consta dos apartados seguintes:

APARTADO 1.- O permiso contido no artigo 76.1, apartado d) do Decreto Legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Función Pública de Galicia, constitúe norma de preferente e directa aplicación, ao abeiro dos títulos constitucionais de distribución competencial establecidos nos artigos 148 e 149 da vixente Constitución de 1978, principio constitucional de xerarquía normativa contido no artigo 9.3 da mesma norma, e artigo 142 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das Disposicións Legais vixentes en materia de Réxime Local.

APARTADO 2.- En garantía do interese xeral e da debida prestación do servizo público, así como do correcto funcionamento dos mesmos, dito permiso deberá cingirse estrictamente ao obxecto legalmente consignado, consistente na participación ou concorrencia exames finais e demais probas definitivas de aptitude, permitindo a ausencia ao posto de traballo durante os días da súa realización. En ningún caso servirá o mesmo para amparar a asistencia reiterada, continuada e constante a leccións maxistras, clases teóricas e/ou prácticas ou sesións docentes, nos termos dos criterios proporcionados pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e Relacións Institucionais do Ministerio de Política Territorial transcrita en extracto nos antecedentes da presente resolución, con independencia das certificacións que ao respecto podan emitir dos centros universitarios ou docentes.

APARTADO 3.- A xustificación do referido permiso para asistencia a exames finais ou demais probas definitivas de aptitude deberá realizarse mediante a aportación ou remisión ao Servizo de Recursos Humanos (Inspección de Persoal) ou unidade xestoras Policía Local, Servizo de Extinción de Incendios e Salvamento, Parque Central, Parque Móbil e Servizos Centrais da Xerencia Municipal de Urbanismo para o persoal adscrito, do correspondente xustificante oficial, expedido polo órgano con potestade para a expedición de certificacións, no cal se contemplen os extremos seguintes:

-Titulación oficial cursada e denominación da materia impartida obxecto de exame.

-Lugar e data de realización.

-Convocatoria que corresponda.

-Franxa horaria concreta de celebración do exame ou proba definitiva de aptitude, consignando a hora de inicio e a hora de remate da mesma.

-Data de expedición da certificación e debida identificación e sinatura da persoa asinante, cargo e posto que ocupa no centro universitario ou docente, con indicación expresa das facultades ou potestades para a expedición de certificacións.

APARTADO 4.- O permiso salientado en ningún suposto poderá ser utilizado para finalidades diferentes ás legalmente previstas, non gardando relación co réxime de permisos que para a capacitación, formación e perfeccionamento podan outorgarse, relacionadas coa mellora das funcións propias e inherentes ao posto de traballo de destino ou que teñan carácter transversal para a organización municipal, podendo o Concello realizar as actuacións administrativas oportunas, tendentes á comprobación da veracidade das certificacións aportadas, cos centros universitarios e docentes responsables da expedición das mesmas.

SEGUNDO.- Notifíquese a presente ás xefaturas dos servizos municipais, que deberán velar polo debido cumprimento da mesma, e dese conta da presente á Xunta de Goberno Local para coñecemento, notificando igualmente á Inspección de persoal (Área de Réxime Interior), Comité de Persoal (Sr. Presidente), dispoñendo a publicación do texto da Instrucción no taboleiro de edictos da Casa do Concello e na Intranet municipal para coñecemento de todo o persoal.”

Con data 18.10.11, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade co precedente informe-proposta.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

14(1263) GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 22439/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.10.11, o informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 17.10.11, conformado polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 5.368,04 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Gonzalo Argibay Barciela e que remata en D^a Yolanda Fajín Torres-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, para o período setembro 2011 (aínda que se inclúen algúns gastos correspondentes aos meses de xuño-xullo-agosto).”

	SERVIZO	TOTAL
1710	Montes, Parques e Xardíns	414,96 €
1550	Vías e Obras-O.S.P.I.O.	3.309,85 €
9222	Parque Móbil	197,71 €
1640	Cemiterios	164,73 €
2220	Mobilidade, Seguridade e Transportes	677,54 €
1210	Conserxería	578,55 €
2310	Benestar Social	24,70 €
	TOTAL	5.368,04 €

15(1264) DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2011. EXPTE. 22422/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.11, o informe-proposta da técnica de avaliación e formación, do 13.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servicios extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

SERVICIO	MES	APELIDOS E NOME	IMPORTE FESTIVAS	IMPORTE NOC-TURNAS	IMPORTE TOTAL
Alcaldía	Setembro	Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo	582,90	106,08	688,98
Alcaldía (oficina)	Setembro	Abalde Comesaña, Raquel	56,28	0,00	56,28
Limpeza	Setembro	De Abalde Casanova, Jesús Iván a Vivero Mijares, Juan Guillermo	34.342,87	23.279,56	57.622,43
Policía Local	Agost/Setem	De Aira Pereira, Emilio a Rodríguez Souto, José Antonio	1.833,12	1.493,28	3.326,40
Parque Central	Setembro	De Alonso González, Angel a Riveiro Rodríguez, José	779,88	1.123,36	1.903,24
	Mar/Abr/Ago/Set	De Aguirre Rodríguez, Manuel a Vázquez González, Domingo Gutierrez, Alberto	15.633,78	3.642,08	19.275,86
	Setembro	De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro	1.573,83	0,00	1.573,83
	Setembro	De Casas Iglesias, Alfonso a Vidal Álvarez, José Luis	1.254,24	734,40	1.988,64
Parque Móbil	Agosto	De Arias Rodríguez, Dámaso	48,24	261,12	309,36
Extinción Incendios	Xullo	De Romero Gil-Delgado, Patricia a Pérez Vila, Adolfo	192,96	0,00	192,96
Cemiterios	Setembro	De Pardellas Aviión, A. Avelino a Seijas Álvarez, José Ramón	192,96	174,08	367,04
Montes, Parques e Xardíns	Agosto	De Ogando López, José Manuel a González Bello, Andrés	150,75	0,00	150,75
Electromecánicos	Setembro	De Rodríguez Presas, Julio	87,44	36,72	124,16
	TOTALES		56.729,25	30.850,68	87.579,93

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 87.579,93 €, con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

16(1265) COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE POR TOXICIDADE DO PERSOAL DO SERVIZO DE DESINFECCIÓN CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO 2011. EXPTE. 22424/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.11, o informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humano e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñecelas obrigas que en concepto de Complemento de produtividade aboarase o persoal adscrito o Servizo de Desinfección que figura na relación que se achega no expediente e que comeza por Don José Ramón Seijas Alvarez e rematan por Don Alberto Seijas Fernández, as cantidades que figuran para cada un deles, correspondentes ao mes de Setembro-2011 e que ascenden a un total 611'00 € (SEISCENTOS ONCE EUROS), con cargo a partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE.

17(1266) GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS CORRESPONDENTE AO MES DE SETEMBRO DE 2011. EXPTE. 22426/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.11, o informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 13.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humano e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do Servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran nas relacións que se achegan no expediente e que comezan por Don José Luis Hermida Rodríguez e remata por Don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Setembro-2011, e que ascenden a un total de 649'46 € (SEISCENTOS COARENTA E NOVE EUROS CON COARENTA E SEIS CÉNTIMOS), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións”

18(1267) GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVICIOS CORRESPONDENTES AOS MESES DE MAIO E SETEMBRO 2011. EXPTE. 22436/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.11, o informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 20.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

SERVIZO	RELACIÓN	MES	Nº DE HORAS
Parque Central (Medio Ambiente)	De José A. Comesaña Davila a Florentino Prieto Domínguez	Maio-2011	150,00
Parque Central	De Emilio Aira Pereiro a Bernardo Rodríguez Lestón	Maio-2011	88,00
Parque Móbil (Limpieza)	De Angel Alonso González a Manuel Quintas Pérez	Abril e Maio-2011	134,00
Parque Móbil	De Manuel Alonso Iglesias a M. Alfonso López Rodríguez	Maio-2011	100,00
Parque Móbil (Desinfección)	De Miguel Angel Alonso Alonso	Novembro-2010 Abril e Maio-2011	104,00

Montes, Parques e Xardíns	De Alfonso Casas Iglesias a Eduardo A. Pérez Da Silva	Maio-2011	108,00
Alcaldía (Oficina)	De Raquel Abalde Comesaña	Maio-2011	66'00
Alcaldía (conductores)	De Basilio Costas Fernández a Camilo Fontán Balbuena	Setembro-2011	261,00
OSPIO	De Angel Ferro Mancho a Loreto Romero Gil-Delgado	Maio-2011	90,00
Extinción Incendios	De Manuel Aguirre Rodríguez a Manuel Villar Domínguez	Setembro-2011	1.703,00
Cultura	Ramón Vázquez Martínez	Maio-2011	22,00
Policia Local (Horas en exceso)	De David Alonso Duarte a Juan G. Vivero Mijares	Setembro-2011	1.425,30
Policia Local (Xulgados)	De Manuel Aguado Taboada a Francisco José Vila Campos	Setembro-2011	768,00
Vías e Obras	De José L. Amoedo Cabaleiro a Federico Rodríguez Prieto	Maio-2011	190,00
Inspección Vías e Obras	De Benito Barciela Simón a Rimundo Villar Estevez	Maio-2011	150,00
Medio Ambiente	De M ^a Soledad García Riveiro a Andrés Hervada Ventín	Maio-2011	33,50
Conserxería	De Teresa Vaqueiro Herbello	Maio-2011	1,00
Relacións Públicas	De M ^a Mercedes Rivero Troncoso a Eduardo Pérez Domínguez	Marzo-2011	22,00
Mobilidade, Transporte e Seguridade	De José Ramón Alonso González a José Bacelos González	Marzo a Maio-2011	185,00
Recursos Humanos	Amelia Aragunde Martínez	Maio-2011	37'72

O montante do presente expediente ascende a un total de 57.132,21 €.

19(1268).- COMPLEMENTO DE PRODUCTIVIDADE POR CONDUCIR VEHÍCULO MUNICIPAL SEN SER OFICIAIS CONDUTORES DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS CORRESPONDENTES AO TERCEIRO TRIMESTRE 2011 (INCLÚE 2º TRIMESTRE DO SERVIZO DE LIMPEZA). EXPTE. 22434/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26.10.11, o informe-proposta da técnico de Avaliación e Formación de Recursos Humanos, do 20.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que en concepto de complemento de produtividade polos servizos prestados por conducir un vehículo lixeiro municipal, non sendo oficiais conductores, aboaráselle a cada un deles as cantidades que figuran nas relacións que se achegan, por un importe total de 5.455,32 €, correspondentes ó 3º trimestre de 2011 (Inclúese 2º trimestre-2011 do servizo de Limpeza) e con cargo ao RC nº 7354 da partida presupostaria 922.0.150.00.00-PRODUCTIVIDADE”, e que de seguido se relacionan:

Servizo	Relacións	TOTAL
---------	-----------	-------

Montes, Parques e Xardins	De Bastos Villar, Purificación a Pereira Alonso, José Carlos	1.250,60
Servizo Extinción Incendios	De García González, J. Manuel	128,44 €
Servizo Electromecánicos	De Davila Pérez, Juan a García Campos, Juan A.	459,68 €
Parque Central	De Alonso Alonso, Miguel Angel a Froján Villaverde, José	135,20 €
Parque Móbil	De Amoedo Moreira, José Luis	94,64 €
Cultura	Vázquez Martínez, Ramón	108,16 €
Desinfección	De Seijas Alvarez, J. Ramón a Seijas Fernández, Alberto	324,48 €
Sanidade	Antonio Barreira Pazos	43,94 €
Limpeza	De Barrio Martínez, Leonor M ^a a Sola Quiroga, Constantino	1.717,04 €
Vias e Obras	De Bastos Román, Jesús a Rodríguez Prieto, Federico	993,72 €
Patrimonio Histórico	Xosé Antón Guisande Oleiro	199,42 €
		5.455,32 €

20(1269).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN SOBRE XUBILACIÓN ANTICIPADA DO FUNCIONARIO DO SERVIZO DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS D. JUAN MANUEL GARCÍA GONZÁLEZ E ABONO INDEMNIZACIÓN. EXPTE. 22441/220.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta da técnica de Xestión de Recursos Humanos, do 18.10.11, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

A medio de instancia de data 17 de abril de 2011, D. Juan Manuel García González con DNI 36.003.768-M e núm. persoal 10808, solicita a xubilación anticipada con efectos de 10/11/2011 e o abono da indemnización establecida no acordo regulador das condicións de traballo do Concello de Vigo.

O Sr. García González, é funcionario de carreira, con praza e posto de traballo de Bombeiro (C1) e ten recoñecida unha antigüidade laboral dende o 1 de setembro de 1976.

En relación co solicitado polo interesado, o art. 67.2 do Capítulo II da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público establece que “Procederá a xubilación voluntaria, a solicitude do interesado, sempre que o funcionario reúna os requisitos e condicións establecidas no Réxime Xeral da Seguridade Social que lle sexa aplicable”.

Así mesmo, o art. 161 bis.1 do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 1/1994, de 20 de xuño, incorporado pola Lei 40/2007, de 4 de decembro, de medidas en materia de Seguridade Social, prevé que a idade mínima de 65 anos esixida para ter dereito a pensión de xubilación no Réxime Xeral da Seguridade Social poderá ser rebaixada por real decreto, a proposta do Ministro de Traballo e Asuntos Sociais, naqueles grupos ou actividades profesionais cuxos traballos sexan de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre e acusen elevados índices de morbilidade ou mortalidade, sempre que os traballadores afectados acrediten na perspectiva profesión ou traballo o mínimo de actividade que se estableza.

Dos estudos levados a cabo co colectivo de bombeiros, despréndese que existen índices de perigosidade e penosidade no desenvolvemento da súa actividade e que os requerimentos psicofísicos que se exigen para o seu ingreso no colectivo e o desenvolvemento da actividade non poden facerse a partir dunhas determinadas idades, cumpríndose deste xeito os requerimentos esixidos na lexislación para a redución da idade de acceso á xubilación, como consecuencia da realización de traballos de natureza excepcionalmente penosa, tóxica, perigosa ou insalubre.

En consecuencia do anterior o RD 383/2008, do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación en favor dos bombeiros ao servizo das administracións e organismos públicos (BOE núm. 81 de 3 de abril de 2008) dispón no seu art. 1º que “poderá recoñecerse pensión de xubilación con menos de 65 anos de idade aos traballadores por conta allea e empregados públicos, incluídos no Réxime Xeral da Seguridade Social, que presten servizos como bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades, en corporacións locais, en comunidades autónomas,”

No seu artigo 2º establécese: “A idade ordinaria de 65 anos esixida para o acceso á pensión de xubilación reduciráse nun período equivalente ao que resulte de aplicar aos anos completos efectivamente traballados como bombeiro o coeficiente reductor do 0,20.

A aplicación da redución da idade de xubilación en ningún caso dará ocasión a que o interesado poida acceder á pensión de xubilación con unha idade inferior aos 60 anos, ou á de 59 nos supostos en que se acrediten 35 ou máis anos de cotización efectiva, sen cómputo da parte proporcional correspondente por pagas extraordinarias, polo exercicio da actividade de bombeiro.

Para ao cómputo do tempo efectivamente traballado, descontaránse todas as faltas ao traballo, agás as seguintes:

- As que teñan con motivo de baixa médica por enfermidade común ou profesional, ou accidente, sexa ou non de traballo.*
- As que teñan por motivo a suspensión do contrato de traballo por maternidade, paternidade, adopción, acollemento, risco durante o embarazo ou risco durante a lactancia natural.*
- As autorizadas nas correspondentes disposicións laborais con dereito a retribución.”*

Asímesmo, solicita o interesado a percepción da indemnización que se recolle no art. 33 do vixente Acordo regulador das condicións de traballo do persoal ao servizo do Concello de Vigo, por ter no momento da súa xubilación voluntaria os 60 anos de idade, por un importe de 9.015,18 €.

Polo exposto, previo o preceptivo informe de fiscalización pola Intervención Xeral e de conformidade co disposto nos artigos 214 e 219 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais e correspondentes bases de execución dos presupostos para o exercicio económico 2009, sométese a consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“Primeiro.- Acordar, de conformidade co disposto no Real Decreto 383/2008, de 14 de marzo, polo que se establece o coeficiente reductor da idade de xubilación a favor dos bombeiros, nas súas diferentes escalas, categoría ou especialidades ao servizo das administracións e organismos públicos, a xubilación anticipada e voluntaria do funcionario de carreira D. Juan Manuel García González (núm. persoal 10808), coa categoría profesional de Bombeiro, con efectos dende o día 10 de novembro de 2011.

Segundo.- Dispoñer o abono a D. Juan Manuel García González (núm. persoal 10808) da cantidade de 9.015,18 € en concepto de indemnización por xubilación anticipada, en execución do disposto no

acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do concello de Vigo.

Coa mesma data, o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, resolve o seguinte:

Resolvo de conformidade coa proposta que antecede, trala correspondente fiscalización e consignación orzamentaria pola Intervención Xeral con cargo á partida 313.1.16104 para facer fronte ao gasto de 9.015,18 €.

A presente resolución notifíquese ao interesado, Intervención Xeral, Recursos Humanos (Planificación e Organización, Seguridade Social), Comité de Persoal e déase conta á Xunta de Goberno Local.

Consta no expediente informe de fiscalización do 19.10.11.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

21(1270).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A PROFESIONALES TELEFÓNICOS S.L. CONSTITUÍDO POR OBRAS NA RÚA GRAN VÍA 76. EXPTE. 81357/210.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Transportes, do 25.10.11, conformado polo concelleiro-delegado, a Xunta de Goberno local acorda:

Que polos servizos da Intervención municipal, se proceda á devolución do aval constituído en data 07 de setembro de 2011 por PROFESIONALES TELEFONICOS, S.L. con NIF B-36821718, por un importe de 15.000 €, para responder dos posibles danos que se poideran ocasionar ao patrimonio municipal con motivo da reserva especial de vía pública por obra na rúa Gran Vía, 76 por non producirse danos.

22(1271).- APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PEPRI DE BOUZAS APR A-3-35. EXPTE. 11703/411.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do técnico de Admón. Xeral, do 20.10.11, conformado polo arquitecto municipal e xefe do Servizo de Desenvolvemento Urbanístico, e a xerente de Urbanismo, que di o seguinte:

I.1. O vixente PXOM de Vigo foi definitivamente aprobado en virtude da Orde da Conselleira da CPTOPT do 16.05.2008 (DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008) e da Orde do Conselleiro da CMATI do 13.07.2009 (DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

I.2 O Plan Especial de Protección e Reforma Interior (PEPRI) de Bouzas foi definitivamente aprobado en sesión plenaria do 30.09.2002 (Exp. 5826/411; DOG nº 225, do 21.11.2002; BOP nº 216, do 11.11.2002), xunto coa modificación puntual do PXOU-93 relativa a este ámbito (Exp. 5165/411; DOG nº 228, do 26.11.2002). A súa normativa foi integramente publicada no BOP nº 216, do 11.11.2002.

I.3 Para adaptar o PEPRI de Bouzas aprobado no 2002 ás novas determinacións do actual PXOM, o Concello de Vigo, mediante Resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data 24.02.2009, decretou a incoación do procedemento para a tramitación da modificación puntual do PEPRI de Bouzas para a súa adaptación ó PXOM vixente, encomendando a esta Oficina a realización das actuacións procedentes.

I.4. En cumprimento do disposto no capítulo II da L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, remitiuse o 10.03.2009 á CMATI – Dirección xeral de Desenvolvemento sostible da Xunta de Galicia copia da anterior Resolución e un exemplar do Documento de inicio da AAE da modificación puntual do PEPRI de Bouzas – APR A-3-35 do PXOM, redactado nos termos e condicións do Art. 18 da L.9/2006, do 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente, a fin de instar a tramitación da consulta previa prevista no seu Art. 4, por tratarse dun suposto de modificación menor dos contemplados no Art. 3.3.b) da L.9/2006, que podería exceptuarse do procedemento de AAE, como en efecto así se dispuxo mediante Decisión de data 26.06.2009 da Secretaría xeral de Calidade e Avaliación ambiental que tivo entrada no Rexistro xeral da XMU o 16.07.2009 (Doc. nº 90106319), publicada no DOG nº 155, do 10.08.2009.

I.5 O 07.06.2010, a Xunta de Goberno Local aprobou inicialmente a citada modificación, acordando sometela a información pública polo prazo dun mes, así como solicitar informe da Dirección xeral de Patrimonio Cultural.

Durante o período de información pública, anunciado no DOG nº 163, do 25.08.2010, e na prensa local o 16.07.2010 (Diario Atlántico e Faro de Vigo), recibíronse un total de 26 alegacións segundo certificación expedida pola secretaria da XMU o 22.10.2010, que foron informadas polos servizos técnicos e xurídicos municipais o 17.01.2011, no sentido que logo se dirá.

Polo que respecta ao informe sectorial interesado, o 07.12.2010 (DOC. 100157479) recibíuse informe favorable do Director xeral de Patrimonio Cultural de 18.10.2010, condicionado á introducción de determinadas correccións.

I.6. Os servizos técnicos municipais redactaron a versión corrixida “V.3”, que foi remitida para informe de costas á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia e ao Servizo Provincial de Costas do Ministerio de Medio ambiente, Medio Rural e Mariño.

O 10.03.2011 (DOC. 110029574) tivo entrada no Rexistro da XMU o informe emitido pola Dirección General de sostenibilidad de la costa y del mar do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, favorable á Modificación Puntual do PEPRI de Bouzas, excepto no referente ao tratamento homoxéneo da fachada marítima.

O 12.05.2011 (DOC. 110067825) recibíuse o informe da Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de 06.05.2011, desfavorable por entender que “[...] non queda acreditada a condición de réxime de análoga protección, polo que non cabe a aplicación da DT 3ª.3. da Lei de Costas [...]”.

I.7. Malia o indicado no seu informe do 06.05.2011, a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo comunicou ós técnicos da Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, en reunións mantidas os pasados días 12 e 15 de xullo nas dependencias da CMATI en Santiago de Compostela, que a acreditación de que o PEPRI de Bouzas outorga ó conxunto edificatorio un réxime de protección análogo ó outorgado polos Plans Especiais ós conxuntos históricos declarados formalmente como tales, debería producirse en todo caso pola Administración autonómica competente en materia de Patrimonio cultural; isto é, pola Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia (Dirección Xeral de Patrimonio Cultural).

I.8. O 21.07.2011, o Concello de Vigo, a fin de desbloquear a situación creada na tramitación da modificación puntual do PEPRI de Bouzas, a través da Concelleira delegada da Área de Urbanismo, Cascos históricos e Grandes proxectos, solicitou da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia a emisión dun informe acreditativo de que o ámbito do PEPRI de Bouzas, en Vigo, está sometido a un réxime análogo de protección a un Ben de Interese Cultural (BIC) declarado coa categoría de conxunto histórico, para os efectos da aplicación da Disposición transitoria terceira 3.3ª da Lei 22/1988, do 28 de xullo, de Costas.

I.9 O 23.09.2011 recibíuse na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo o informe do director xeral de Patrimonio Cultural acreditativo de que “ [...] o réxime de protección establecido por estas regulacións de planeamento teñen un carácter análogo ao establecido para un Conxunto Histórico Artístico declarado ben de interese cultural na normativa sectorial de patrimonio, e polo tanto resulta de aplicación a citada disposición transitoria 3.3ª da Lei de Costas, aos efectos da súa conservación e rehabilitación”.

I.10 Co fin de dar resposta e axustar puntualmente a documentación que se pretende aprobar definitivamente ao informe recibido da administración de Patrimonio Cultural, e á lexislación sectorial de costas, por parte dos servizos técnicos municipais de planeamento urbanístico redactouse o informe de data 3.10.2011 que figura no expediente, e a elaborar unha nova documentación rotulada como versión V.4, con data de outubro de 2011, suprimindo todas as referencias á Disposición Transitoria 3.1ª da Lei de Costas, e o apartado de homoxeneización da fachada marítima, cuestión esta que fora introducida na versión V.2., a resultados, precisamente do primeiro informe da administración autonómica de costas, de data 22.03.2010 (Doc. nº 100041852, Costas – Xunta).

I.11. O expediente está informado polos servizos técnicos e xurídicos municipais aos efectos do art. 86.1.c) da LOUGA.

II. NORMATIVA EXAMINADA

- TRLS/2008 (RDLex. 2/2008, do 20 de xuño, Texto Refundido da Lei do Solo).
- LOUGA (L.9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e Protección do medio rural de Galicia).
- L.9/2006, do 28 de abril, sobre Avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente.
- L.6/2007, do 11 de maio, de Medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.
- L.18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia.
- LRBRL (L.7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime local).
- TRRL (RDLex.781/1986, do 18 de abril, Texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime local).
- LALGA (L.5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia).
- LRX-PAC (L.30/1992, do 26 de novembro, de Réxime xurídico das Admóns. públicas e do Procedemento administrativo común).
- LRXCA (L.29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-administrativa).
- RDUGal (D.28/1999, do 21 de xaneiro, Regulamento de Disciplina Urbanística de Galicia).
- RXU (D.3288/1978, do 25 de agosto, Regulamento de Xestión urbanística).
- RPU (D.2159/1978, do 23 de xuño, Regulamento de Planeamento urbanístico).
- RD.1093/1997, do 4 de xullo, Regulamento sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística.
- Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo (A.D. Pleno 29.07.1996, BOP 04.09.1996; modificación: A.D. Pleno 20.10.2000, BOP 06.11.2000; modificación: A.D. Pleno 26.04.2010, BOP 20.07.2010).
- ROP (Regulamento Orgánico do Pleno do Concello de Vigo; A.D. Pleno 31.05.2010, BOP nº 180, do 17.09.2010).
- ROF (RD.2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades locais).
- PXOU-93 (Plan Xeral de Ordenación Urbana de Vigo; A.D. Consello da Xunta 29.04.2003; DOG 10.05.1993; normas urbanísticas, BOP nº 133, 14.07.1993).

- PXOM 2008 (Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo; A.D. parcial: Orde Conselleira CPTOPT do 16.05.2008; DOG nº 106, do 03.06.2008; BOP nº 151, do 06.08.2008; Orde Conselleiro CMAIT do 13.07.2009; DOG nº 144, do 24.07.2009; BOP nº 175, do 10.09.2009).

III. DEREITO/VALORACIÓN XURÍDICA

III.1. A clasificación do solo incluído na delimitación do PEPRI de Bouzas é a de urbano, diferenciando o PXOM unha parte de SUC, con Ordenanza directa 1, e outra como SUNC, denominada «APR A-3-35»; categorización de solo coincidente coa que xa recollera a modificación puntual do PXOU-93 e o PEPRI, aprobados definitivamente o 30.09.2002.

III.2. O documento da modificación puntual do PEPRI de Bouzas que agora se tramita fórmulase, de oficio, pola Xerencia Municipal de Urbanismo, órgano competente na orde urbanística, e foi redactado por facultativos da Oficina de Planeamento – Xestión con titulación universitaria axeitada e suficiente (Arts. 83.1 e 84.1 LOUGA).

III.3. Tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

- a) Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial).
- b) Localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.
- c) Reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior.

III.4. Ademais, introdúcense no documento pequenas modificacións que permiten adaptar o PEPRI á nova lexislación urbanística ao suprimir as unidades reparcelatorias previstas en SUC, modificar puntualmente a súa normativa de usos e adaptala á terminoloxía do PXOM vixente, incorporar determinadas precisións sobre a lexislación sectorial de costas (p.ex. introducción do novo deslinde do DPMT) e correccións de detalle da ordenación detectadas no tempo de vixencia deste planeamento.

Así, por exemplo, débuxase correctamente a liña de respecto arqueolóxica definida no novo PXOM (Planos 9-H e 10-H), que amplía a que figuraba no PEPRI de 2002, modificándose puntualmente a normativa aplicable nesta materia no sentido indicado na Memoria. Tamén se formula unha nova proposta de mellora do tráfico rodado (restrinxido) e peonal, de estacionamento no ámbito e de deseño viario.

III.5. O Documento V.4. de «MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE BOUZAS», elaborado polos servizos técnicos da Oficina de Planeamento – Xestión da XMU está integrado por:

- Documento 1: Memoria Informativa e Xustificativa: Introducción. Antecedentes. Diagnóstico. Xustificación. Ponderación entre os usos pormenorizados. Xustificación do cumprimento da Lei 8/97. Marco normativo. Documentación.
- Documento 2: Documentación gráfica: Planos de información. Planos de proxecto.
- Documento 3: Anexos:
 1. Documentación modificada.
 2. Documento de inicio de Avaliación Ambiental Estratéxica.
 3. Resolución de 26 de xullo de 2009, da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da xunta de Galicia sobre non necesidade de avaliación ambiental estratéxica.
 4. Informe do Departamento de Seguridade, Circulación e Transportes.
 5. Reportaxe fotográfica

6. *Anexo protexido. Relación de propietarios.*
7. *Informes sectoriais de Costas, e informe resposta dos servizos técnicos municipais*
8. *Informe resposta ao informe da Consellería de Cultura. Dirección Xeral de Patrimonio e Barrios Históricos XMU. Informe da Consellería de Cultura e Deporte. Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de 16/09/2011.*

III.6.. *En relación coa versión anterior V.3. e a versión V.2. aprobada inicialmente, esta versión efectúa as seguintes correccións:*

- Retíranse os planos seguintes:

- I.04. Alzados fachada marítima/estado actual*
- F.01 Proposta de alzados*
- F.02 Estudio de color*

- Modifícanse, volvendo ao seu estado orixinal os planos de alzados:

- P04.01, P04.02, P04.03 de alzados.*

- Modifícase o apartado 4.4. da memoria e en concreto os apartados 4.4.3. e 4.4.2. que pasa a chamarse “O PEPRI como réxime análogo de especial protección”.

III.7. *Así mesmo, nesta versión V.4., elaborada para aprobación definitiva con data outubro de 2011, corríxese o erro material que figuraba na cartela dos planos da documentación que unicamente se rotulaban como “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR DE BOUZAS”, cando o nome correcto do expediente é “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR DE BOUZAS”.*

III.8. *O actual PXOM de Vigo incorporou o PEPRI de Bouzas na súa integridade («A ordenación deste ámbito remítese ao PEPRI II-09 (PEPRI de BOUZAS) con aprobación definitiva do 30 de Setembro de 2001, integramente asumido polo Plan Xeral»), pero tamén posibilita que se modifique puntualmente para acadar os obxectivos antes indicados, para o que acompaña unha ficha específica na que se subliña a esixencia de determinar unha «reserva mínima de solo apta para a implantación do 20% da edificabilidade residencial que haberá de adicarse a vivenda sometida a algún réxime de protección pública... ».*

III.9. *Ademais, de acordo co propio PXOM (Art. 9.1.3. NNUU PXOM) o feito de que acepte plenamente o contido, determinacións e regulación dos PEPRI non obsta para que a posible modificación dalgunha das súas determinacións deba considerarse: «só como modificación dos mesmos, sen que, polo tanto, poidan ser interpretadas como modificación do Plan Xeral».*

III.10. *A presente modificación puntual axústase nas súas determinacións e documentación ó establecido na LOUGA e no RPU. Constan ademais, debidamente xustificadas, as razóns de interese público nas que toda modificación de planeamento urbanístico debe fundamentarse (Art. 94.1 LOUGA), entre as que se citan: a mellora substancial da ordenación urbanística vixente, o desconxestionamento urbano, a mellora da articulación dos espazos libres públicos e dos volumes construídos, a eliminación de usos non desexables ou a incorporación doutros necesarios, a creación de novas dotacións urbanísticas públicas, a resolución de problemas de circulación, etc.*

III.11. *Esta modificación puntual do PEPRI de Bouzas tramitouse consonte as mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (Art. 93.4 LOUGA). En concreto, será de aplicación o procedemento prescrito no Art. 86 da LOUGA, que na redacción dada a este precepto pola L.2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da LOUGA, dispón o seguinte:*

II.12 Aínda que a modificación que se plantexa afecta principalmente ao solo urbano non consolidado, área de reparto A-3-35, onde se levan a cabo operacións de reforma interior, tendo en conta que este Plan leva a cabo a ordenación detallada en solo urbano consolidado, como Plan Especial de Protección, require do Informe da Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio, previsto no artigo 69.4 da LOUGA, para os plans especiais de protección que levan a cabo a ordenación detallada do solo urbano consolidado.

III.13. A estes efectos, e por remisión daquel artigo ao artigo 86.1. d), cumpridos os trámites precedentes o órgano municipal competente aprobará provisionalmente o contido do plan coas modificacións pertinentes e o someterá, co expediente completo debidamente dilixenciado, á persoa titular da consellería competente en materia de urbanismo e ordenación del territorio (actualmente a CMATI) para o seu informe preceptivo, que haberá de ser emitido no prazo de dous meses, a contar dende a entrada do expediente completo no rexistro da consellería. Transcorrido este prazo sen que se houbera comunicado o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuar a tramitación do plan.

III.14. En canto ao informe sectorial de costas previsto nos artigos 112.a) e 117.2 da Lei de Costas, deberase solicitar novamente con anterioridade á aprobación definitiva o informe da administración autonómica de costas, tralas correccións incorporadas na versión V.4, a resultados do anterior informe de data 06.05.2011 e o informe do 23.09.2011 do director xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia.

Polo que respecta ao informe de costas do Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Mariño, este trámite xa se considera evacuado, toda vez que o informe de 02.03.2011 da Dirección General de sostenibilidad de la costa y el mar, foi emitido en sentido favorable excepto no referente ao tratamento homoxéneo da fachada marítima; por ter sido retiradas da versión que se leva a aprobación provisional as determinacións que motivaron o único reparo, a emisión dun novo informe resulta innecesaria por reiterativa.

III.15. Sobre as alegacións presentadas, transcríbese a continuación o informe-proposta de data 17/01/2011, emitido polos servizos técnicos e xurídicos municipais, en relación coas vinteseis alegacións recibidas (15 delas dentro de prazo e o resto fóra, segundo a certificación da secretaria de 22.10.2010) :

“

Nº 1	ALEGANTE	Dna. Juana Fernández Álvarez	Ref.Catastral: 0550146 NG2705S
Nº DOC.: 100106979		Data R.E.: 12/08/2010	

CONTIDO:

Comunica ser a propietaria do inmovible, e afirma a súa constancia no Rexistro da propiedade Nº2. Nº 1611 de 17.01.1975. Non obstante, non presenta documentación acreditativa orixinal ou compulsada.

INFORME:

A parcela catastral está clasificada e cualificada como solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado, dentro do ámbito POLIGONO 5, segundo se desprende do PEPRI aprobado inicialmente.

A notificación, segundo os datos do expediente, fíxose ao titular catastral Dna.Concepción Sainza Castro tras a aprobación inicial, tal e como establece a lexislación en vigor (artigos 94 e 86 da LOUGA).

Non procede neste momento do procedemento (fase de planeamento) concluir na titularidade do inmovible en cuestión.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación. A alegante deberá ser notificada, no caso de demostrar a titularidade a través de calquera documento válido en dereito, nas seguintes actuacións que así o requira o procedemento administrativo.

Nº 2	ALEGANTE	D. Javier Chouza Gestoso	Ref.Catastral:0148809 NG2704N
Nº DOC.: 100112648		Data R.E.XMU: 31/08/2010 – Correios: 27.08.2010	

CONTIDO:

O alegante reproduce no expositivo primeiro o acordo de aprobación inicial da MP do PEPRI Bouzas e no expositivo segundo manifesta "que esta parte se opone e impugna de maneira rotunda a la aprobación inicial da Modificación puntual do PEPRI DE BOUZAS APR-A-3-35 do PXOM acordado por la Xunta de Gobierno Local de 7 de junio de 2010 en base a las alegaciones contenidas en el escrito que se adjunta con la presente".

INFORME:

A notificación, segundo os datos do expediente, fíxose ao titular catastral Dna. M^a Dolores Gestoso Correa tras a aprobación inicial, tal e como establece a lexislación en vigor (artigos 94 e 86 da LOUGA). A alegación é presentada por D.Javier Chouza Gestoso quen manifesta ser fillo da falecida.

Non consta alegación adxunta sinalada no escrito achegado, e este último non se pronuncia sobre conceptos concretos sobre os que contestar.

En canto a parcela catastral, está clasificada e cualificada como solo urbano consolidado e solo urbano non consolidado incluído no Polígono 3, segundo se desprende do PEPRI aprobado inicialmente.

A memoria informativa e xustificativa (v.2) sinala os motivos, aos que obriga á lexislación sectorial, concretamente sinalados no informe da Dirección Xeral de sotenibilidade de Costas e do Mar de 20.11.2009, en canto ao polígono 3:

"Como consecuencia do informado tanto pola Administración de costas do Estado como da Xunta de Galicia, e que se precisa no apartado 4.4. seguinte, suprimiuse da versión V.1 o sólido que sellaba a medianeira final do frente marítimo, de tal xeito que toda a edificación nova que se proxecta na versión V.2. está fóra da zona de servidume da Lei de Costas , e non se adosa ningún sólido como remate á fachada marítima.

Esta supresión é posible tendo en conta que os sólidos capaces propostos no Polígono 3 polo PEPRI están sobredimensionados e teñen capacidade excedente para acoller a edificabilidade concedida polo propio PEPRI."

PROPOSTA:

Desestimar a alegación.

Nº 3	ALEGANTE	D. Ernesto Freire Somorrostro	Ref.Catastral:0450210NG2705S
Nº DOC.: 100118597		Data R.E.XMU: 15/09/2010	

CONTIDO:

Solicita a anulación do apartado 4.4.2. polo que non se permite a construción do solar citado e restablecer o regulado no PEPRI 2002 e ser informado da resolución respecto o mesmo apartado que propón a resolución da medianeira como fachada sobre o xardín da parcela F-10. (ver anexo).

INFORME:

O titular catastral da finca con Ref. Nº 0450210NG2705S es Dna.Carmen Somorrostro Moreno.

En primer lugar, motiva un agravio comoporativo por canto é o único solar non construído. Pois ben, non se pode falar de tal agravio, xa que ten unha superficie construída segundo a ficha do catálogo de 374m2.

En resposta dos apartados 1.b e 1.c., e se ben na memoria xustificativa ven sinalada a importancia das especies arbóreas do xardín que existe no fronte do litoral, o certo é que este non se configura como espacio público.

En terceiro lugar, o presente documento incorpora a XUSTIFICACIÓN do cumprimento do PEPRI de acordo coa Disposición Transitoria 3^o.2 da Lei 22/1988 de Costas, e como así se requería no informe da Dirección Xeral en materia de Costas.

En consecuencia, se incorporou un apartado coa intención de xustificar o cumprimento do PEPRI estudiando pormenorizadamente, e en especial a homoxeneización da fachada marítima e de conxunto. Este apartado aclaratorio ás fachadas das parcelas que lindan co fronte marítimo non ten como obxecto a modificación das fichas individualizadas do catálogo, que son as do PEPRI aprobado definitivamente en sesión plenaria do 30.09.2002, e sinala para este inmovible en concreto que as alturas "se mantienen" "a calle ensinada según planos".

Xa por último, o alegante solicita ser informado da solución da fachada 11 sobre a F10. A aclaración no tratamento de medianeira sobre o xardín da parcela da F-10 como fachada, limitase a materiais, cores, etc, como unha solución estética, de xeito que o inmovible cumpra coas condicións do artigo 57 das ordenanzas do PEPRI (BOP 11.11.2002)."

PROPOSTA:

Estimar parcialmente a alegación, e en consecuencia suprimir os textos aclaratorios ás fichas particulares da parcela na memoria informativa e xustificativa (páxina 29), que poidesen levar a interpretacións erróneas e contrarias ao PEPRI aprobado.

Nº 4	ALEGANTE	D. Lorenzo Pardo Oca	Ref.Catastral: 0550104 NG2705S (do enderezo sinalado na alegación)
Nº DOC.: 100123625		Data R.E.XMU: 24/09/2010	

CONTIDO:

O alegante, con enderezo na R/Pazo Nº3, afirma que a construción prevista no Polígono 5-zona 1, de catro (4) plantas de altura condena, ás fachadas posteriores de rúa de Pazo, a non disfrutar da luz do sol e prexudica notablemente a súa calidade de vida.

INFORME:

A presente modificación puntual é unha modificación instrumental de índole menor, como se expón na memoria. De modo, que se limita a sinalar a posición da vivenda protexida no volume previsto no PEPRI Bouzas asumido polo vixente Plan Xeral, e non prevé nin entra a modificar as alturas, da edificación proposta aprobada no PEPRI.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación, xa que non é obxecto da presente modificación puntual redefinir a altura máxima, determinacións propias do Plan Xeral como son tamén as tipoloxías edificatorias, ou superficie total edificable, e que están recollidas na ficha A-3-35 do vixente Plan Xeral que incorporou o devandito PEPRI como un área de planeamento incorporado (API), coas observacións recollidas á ficha da APR-3-35 que son o verdadeiro obxecto da presente modificación.

Nº 5	ALEGANTE	D. José Iglesias Cajide	Ref.Catastral: Ferreiros 11: 0348916 NG2704N Suarez Llanos13:0348921NG2704N
Nº DOC.: 100123671		Data R.E.XMU: 24/09/2010	

CONTIDO:

- 1º.- O alegante solicita unha catalogación máis restrictiva do inmovible.
- 2º.- Solicita o aproveitamento público dos espazos libres, dentro do polígono 1 e 4 (POL-1 e POL-4) e viario con referencia visual directa ao trazado visual.
- 3º.- Considerase lesivo que se prive do espazo libre privado para selo de outros.

INFORME:

Previamente á resposta individualizada dos apartados, e posto que excede de alegación aos puntos concretos da modificación puntual, lembráselle que a presente trátase dunha modificación instrumental de índole menor, tal e como se expón na memoria, no que non está previsto nin a modificación do ámbito, da ordenación detallada, catálogo ou cualificación do solo incluído no Pepri, que é un plan especial asumido polo vixente Plan Xeral como un ámbito de planeamento incorporado (API).

1º.- O alegante solicita unha catalogación máis restrictiva do inmovible nº11 da rúa Ferreiros. Non é obxecto da presente modificación a revisión do catálogo do Pepri. Isto no obsta para que o Concello de Vigo, en exercizo da súa potestade legalmente recoñecida de planeamento e as súas competencias en materia de protección do patrimonio histórico, poda ou deba, cando se estime oportuno, proceder a un mellor estudo e reconsideración, no seu caso, da catalogación anexa ao PEPRI, propoñendo a inclusión ou exclusión de elementos, a

modificación dos graos de catalogación, ou das obras permitidas nos diferentes graos. Pero isto non se leva a cabo neste expediente.

2º.- O Plan Xeral establece que a APR-3-35 do PEPRI Bouzas é unha (1) área de reparto. E o plan xeral garante o equilibrio entre estas áreas de reparto en solo urbano non consolidado e urbanizable. A propia ficha establece as reservas mínimas para sistemas locais de acordo coa Lei 9/2002 (LOUGA): zona verde, equipamento e aparcadoiros públicos e o documento da modificación puntual xustifica o seu cumprimento (Doc.1.páxina 11).

En canto a superposición da ordenación proposta polo PEPRI co plano de 1565, esquecendo a sucesión de crecementos e variacións entre ese periodo de case 500 anos, réstalle cando menos lexitimidade, sendo evidente que non desaparecen os trazados orixinais, senón que perviven na ordenación proposta no PEPRI aprobado en sesión plenaria do 30.09.2002 (Exp. 5826/411; DOG nº 225, do 21.11.2002; BOP nº 216, do 11.11.2002).

O viario existente é respectado, como se pode comprobar no plano P03. Ordenación (no que figura coa cartografía do Concello de Vigo). Só aqueles que corresponden a camiños, se incorporan aos espazos libres, o que lle confiren a posibilidade de conservar a súa esencia, que se verá plasmada nos futuros proxectos de urbanización que se redacten e aproben en virtude da execución do planeamento.

3º.- As áreas de reparto poden conter un (1) ou varios polígonos, entendidos de acordo co Art.123 da LOUGA, como "os ámbitos territoriais que comportan a execución integral do planeamento e serán delimitados polo plan que conteña a ordenación detallada, de forma que permitan o cumprimento conxunto dos deberes de cesión, de urbanización e de xusta distribución de cargas e beneficios na totalidade da súa superficie".

En canto ao artigo 349 do Código Civil, deberá ter en conta e coñecer, que a LOUGA (lei 9/2002 de 30 de decembro de ordenación urbanística e protección do medio rural, coas súas modificacións), establece que a equidistribución, ten por obxecto distribuír xustamente as cargas e os beneficios da ordenación urbanística, regulariza-la configuración dos predios, situa-lo seu aproveitamento en zonas aptas para a edificación de acordo co planeamento.

Así, os propietarios participan no reparto de beneficios e cargas do polígono en que se encontren. E dicir, o propietario participa no presente polígono, e non se exclúe como parece que expón a presente alegación.

Ademáis o inmovible en su fachada interior, manterá a alineación existente que divide o espazo edificado do que non o é, e a súa rasante non se verá prexudicada polas actuacións que se leven a cabo nos espazos libres do polígono 1, como pode comprobarse na sección que se incorpora con motivo do estudo desta alegación no plano de ordenación D01.

E finalmente, o espacio libre de uso privado que sirve de acceso ao inmovible desde Pza. Suarez Llanos Nº13, en solo urbano consolidado, terá segundo o plano de ordenación o caracter de privativo, o que non limita o uso actual.

PROPOSTA:

Estimación parcial no seguinte senso:

Modificación no anexo memoria Doc.3-páxina 11. Engádesse ao final do apartado observacións, o paragrafo seguinte: "respectarase a aliñación e a rasante sinalada no plano de ordenación D01. Polígono 1."

Plano D01. Polígono 1: se sinala a rasante que debera establecerse no desenvolvemento do polígono no EL Privado.

Nº 6	ALEGANTE	D. Fernando Federico Filgueira Rodríguez	Ref.Catastral:0148803NG2704N
Nº DOC.: 100108683		Data R.E.: 12/08/2010	

CONTIDO:

Solicita a inclusión do ámbito de planeamento remitido APR A-3-01-Bouzas Casiano no polígono 3 do PEPRI de Bouzas.

INFORME:

En primeiro lugar, o documento aprobado inicialmente é unha modificación instrumental de índole menor, tal e como se expón na memoria, do Plan Especial de Protección e Reforma interior de Bouzas como instrumento de planeamento de desenvolvemento

En cambio, a proposta de incorporación do ámbito referido, é unha modificación do plan xeral (artigos 93 e seguintes da LOUGA), e en consecuencia non se pode integrar a súa petición nunha modificación dun instrumento de planeamento de desenvolvemento.

O Plan Xeral recolle como obxectivos da ficha para este ámbito de solo urbano non consolidado de uso característico residencial:

"A ordenación concentrará a edificabilidade nun único volume, cunha ocupación máxima en planta de 210 m², que se adosará á medianeira que resulta da ordenación do POL. 3 do PEPRI de BOUZAS. O resto da superficie do ámbito incorporárase á ordenación en réxime de cesión local de espazos libres e equipamentos comunitarios.

- A cesión de espazos libres estenderase sobre o fronte marítimo agás na parcela do número 32G do Paseo que se adicará a equipamento comunitario cunha extensión non menor de 340 m². O resto da cesión de equipamentos comunitarios destinarase a ampliación da parcela da Gardería sita no número 18 da rúa Martínez Casiano.

- O acceso rodado prevese dende o vial previsto no POL. 3 do PEPRI de BOUZAS."

De modo que neste intre non se pode afirmar a existencia dun inmovible coas características sinaladas polo alegante, senón máis ben, se observan os restos dun posible inmovible anterior, do cal só quedan vestixios.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación.

Non obstante, e para ter en consideración a alegación presentada, cabe a recomendación da investigación dos elementos construídos por parte dos servizos competentes do Concello de Vigo, para que no seu caso se lle confira a natureza que poida merecer aos vestixios ou restos sinalados.

Nº 7	ALEGANTE	Dna. M ^a Jose Miguez Abad	Ref.Catastral: 0450220 NG2705S
Nº DOC.: 100124119		Data R. Correios 24/09/2010 / XMU 27/09/2010	

CONTIDO:

En primeiro lugar reproduce textualmente a finalidade da Modificación puntual, tal como se describe na Memoria Xustificativa, como unha modificación de índole menor limitada á localización da reserva de vivenda protexida e adaptación á lexislación sectorial.

En segundo lugar dase conta dos expedientes disciplinarios iniciados en relación cunha obra con licencia na Rúa do Pazo 10, colindante co inmovible catalogado da Rúa de Pazo 10, expedientes instruídos, precisamente a instancia do alegante.

Finalmente o alegante lamenta que no expediente non se faga unha referencia expresa ao elemento catalogado da rúa do Pazo, no que parece ter un interese particular especial.

A solicitude da alegación é que se proceda a identificar a casa de Rúa do Pazo 10, de forma congruente co nivel de protección que esta edificación catalogada merece a xuízo do alegante.

INFORME:

A alegación respóndese en sí mesma no primeiro apartado da alegación: A Modificación Puntual que se está a tramitar en ningún caso tivo, ni ten, por finalidade o estudo ou reconsideración da catalogación outorgada polo PEPRI aprobado aos distintos elementos patrimoniais integrantes do conxunto tradicional do Casco Vello de Bouzas. Isto no obsta para que o Concello de Vigo, en exercizo da súa potestade legalmente recoñecida de planeamento e as súas competencias en materia de protección do patrimonio histórico, poda ou deba, cando se estime oportuno, proceder a un mellor estudo e reconsideración, no seu caso, da catalogación anexa ao PEPRI, propoñendo a inclusión ou exclusión de elementos, a modificación dos graos de catalogación, ou das obras permitidas nos diferentes graos. Pero isto non se leva a cabo neste expediente.

Por esa razón a referencia concreta que fai a alegación á obra da Rúa do Pazo 10 non garda relación directa coa Modificación que agora se tramita, xa que sobre dito inmovible, nin sobre a colindante de Rúa do Pazo 12, a Modificación Puntual do PEPRI non afecta a ningunha das determinacións que sobre ditos inmobles estableceu o PEPRI aprobado no ano 2002. (É dicir, o edificio de Rúa do Pazo 10 segue co mesmo grao de catalogación, a mesma ficha, o mesmo nivel de obras permisibles nel, e o inmovible colindante segue sen catalogación algunha, e coas mesmas condicións para a súa edificación que permitiron o outorgamento da licencia 54337/421.

É parcialmente certo o que afirma o alegante de que no expediente non se fai ningunha referencia expresa á "casiña" da Rúa do Pazo 10, catalogada integral, xa que no plano P02 de catalogación figura identificada coa cor correspondente ao grao de catalogación integral.

Pero non se fai ningunna outra referencia expresa concreta , ao igual que non se fai de ningún dos outros once inmobles catalogados integrais do Pepri, nin sequera da verdadeira "casa do patín" coñecida como tal polo común dos veciños situado entre a Alameda Suarez Llanos, a Rúa de San Miguel, a Rúa de Alfólies, en trámites de expropiación para o Concello para uso dotacional , o a outra verdadeira "casa do patín" na Avenida de Beiramar 247, esquina a Martín Alonso Pinzón , ambas co patín apreciable desde o espazo público. A referencia que di o alegante á Igrexa Parroquial na páxina 34 da Memoria Xustificativa non se atopa alí situada; posiblemente se refira á transcripción que na Memoria Xustificativa da Modificación Puntual se fai da Evaluación e análise da escea urbana xa contido no PEPRI de 2002, que na páxina 35 afirma " Destacan como elementos sobresaíntes a torre da igrexa de San Miguel e algúns edificios de cinco plantas que marcan un ritmo discontinuo en altura..."

Débase ter en conta que o expediente de Modificación Puntual vai ser informado previamente á aprobación definitiva polas administracións competentes tanto en materia de costas como de Patrimonio Histórico, e se estará aos condicionantes que as mesmas imponían. A título informativo indicar que mediante resolución de 25/10/2010, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras acaba de outorgar autorización autonómica en materia de costas á obra de Pazo 12. O informe recibido da Dirección Xeral de Patrimonio sobre a Modificación Puntual do PEPRI, relativo á lexislación sectorial de Patrimonio, nada dí referente a catalogación do inmovible nin das precisións que se queren introducir vía alegación na mesma.

PROPOSTA:

Desestimar alegación por non gardar relación o solicitado coa finalidade da Modificación expresada no punto 1 da Memoria Xustificativa. O alegado refírese a un expediente de reposición da legalidade que se tramita independentemente.

Enténdese que a identificación e o grao de catalogación do edificio do Pazo que figura na documentación da Modificación é suficiente e correcta.

O contido das seguintes alegacións é o mesmo, e por iso responderase conxuntamente.

Asemade, coa presente dase resposta as alegacións extemporáneas, en canto posúen o mesmo contido.

Nº 8 Nº 9	ALEGANTE	D. Alberto Méndez Pereira	Ref.Catastral:
Nº DOC.: 100123722 Nº DOC.: 100123723		Data Rex. 24/09/2010 / Data Grabación XMU 27/09/2010 Data Rex. 24/09/2010 / Data Grabación XMU 27/09/2010	
Nº 12 Nº 13 Nº 14 Nº 15	ALEGANTES	Dna. M ^a Isabel Malvar Campos Dna M ^a Lucia Alvarez Alvarez Dna M ^a Purificación Pérez Leirós Dna M ^a Carmen Cristina Pérez Leirós	
Nº (12):100124356 (13):100124344 (14):100124334 (15):100124323	DOC:	Correos:25.09.10 RXMU:27/09/2010 Correos:25.09.10 RXMU:27/09/2010 Correos:25.09.10 RXMU:27/09/2010 Correos:25.09.10 RXMU:27/09/2010	

CONTIDO:

Solicitan planear novas modificacións, debendo incrementar na trama pública os espazos libres de uso público e novas propostas de edificación baseadas na edificación tradicional.

INFORME:

En primeiro lugar, a presente modificación puntual trátase dunha modificación instrumental de índole menor, tal e como se expón na memoria e no acordo de aprobación inicial (XGL 07.06.2010), pois tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial).

Localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.

Reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior.

En segundo, xustifícase o cumprimento dos estándares de calidade de vida e cohesión social establecido na Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA). Así, o Plan Xeral estableceu que a APR-3-35 do PEPRI Bouzas é unha (1) área de reparto. E o plan xeral garante o equilibrio entre estas áreas de reparto en solo urbano non consolidado e urbanizable. A propia ficha establece as reservas

mínimas para sistemas locais de acordo coa LOUGA: zona verde, equipamento e aparcadoiros públicos e o documento da modificación puntual xustifica o seu cumprimento (Doc.1.páxina 11).

En canto as propostas de edificación, serán as licenzas urbanísticas as que comprobarán que os actos de ocupación, construción e edificación e uso do solo e subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, onde deberán xustificar o cumprimento do artigo 104 de adaptación ao ambiente da LOUGA. Asemade, a propia normativa do PEPRI estableceu unha comisión de seguimento para as materias relacionadas co correcto desenvolvemento do plan especial.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación.

Nº 10	ALEGANTE	D. Eliseo Gabriel Baluja Casales (E/R A Ría non se vende)	Ref.Catastral:
Nº DOC.: 100124670		Data R. Correios 25/09/2010 / XMU 28/09/2010	

CONTIDO:

Na alegación se advirte dunha primeira e grave contradición entre a proposición teórica de incorporar un itinerario estruturado de espazos libres coa proposición real da creación de espazos libres de uso privado, esquecendo o trazado orixinal do viario público tradicional da vila.

Solicita unha ordenación que respecte o trazado viario e o entramado de parcelacións orixinais, engade que as edificacións actualmente plantexadas son excesivas e innecesarias, carentes de toda sintonía, e o respecto ao conxunto e formas constructivas de características mariñeiras.

INFORME:

A presente modificación putual se Trata dunha modificación instrumental de índole menor, tal e como se expón na memoria e no acordo de aprobación inicial (XGL 07.06.2010), pois tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial).

Localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.

Reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior.

En segundo, xustifícase o cumprimento dos estándares de calidade de vida e cohesión social establecido na Lei 9/2002 de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural (LOUGA). Así, o Plan Xeral estableceu que a APR-3-35 do PEPRI Bouzas é unha (1) área de reparto. E o plan xeral garante o equilibrio entre estas áreas de reparto en solo urbano non consolidado e urbanizable. A propia ficha establece as reservas mínimas para sistemas locais de acordo coa LOUGA: zona verde, equipamento e aparcadoiros públicos e o documento da modificación puntual xustifica o seu cumprimento (Doc.1.páxina 11).

O viario existente é respectado, como se pode comprobar no plano P03. Ordenación (sobre a cartografía do Concello de Vigo). Aqueles que corresponden a camiños, se incorporan aos espazos libres, o que lle confiren a posibilidade de conservar a súa esencia, que se verá plasmada nos futuros proxectos de urbanización que se redacten e aproben en virtude da execución do planeamento.

Non é obxectivo desta modificación puntual redefinir determinacións propias do Plan Xeral como son tipoloxías edificatorias, altura máxima ou superficie total edificable, recollidas na ficha A-3-35 do vixente Plan Xeral que incorporou o devandito PEPRI como un área de planeamento incorporado (API), coas observacións incorporadas á ficha da APR-3-35 que son o verdadeiro obxecto da presente modificación.

En canto as propostas de edificación, serán as licenzas urbanísticas as que comprobarán que os actos de ocupación, construción e edificación e uso do solo e subsolo proxectados se axustan ao ordenamento urbanístico vixente, onde deberán xustificar o cumprimento do artigo 104 de adaptación ao ambiente da LOUGA. Asemade, a propia normativa do PEPRI estableceu unha comisión de seguimento para as materias relacionadas co correcto desenvolvemento do plan especial.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación.

Nº 11	ALEGANTE	Dna. M ^a Carmen Freire Plana	Ref.Catastral: 0748816 NG2704N
Nº DOC.: 100124998		Data R. Correios 24/09/2010 / XMU 29/09/2010	

CONTIDO:

Solicita a modificación do perímetro do polígono 2, que exclúa a parte da parcela con Ref.catastral 0748816 NG2704N do Polígono 2 e o incorpore ao solo urbano consolidado.

INFORME:

Trátase dunha modificación instrumental de índole menor, tal e como se expón na memoria e no acordo de aprobación inicial da modificación puntual (XGL 07.06.2010), pois tal modificación ten as seguintes finalidades esenciais:

Incorporar a reserva de vivenda protexida que esixe a ficha do PXOM (20% da edificabilidade residencial).

Localizar as zonas de vivenda de protección nos polígonos pendentes de desenvolvemento.

Reaxustar o número de vivendas, limitado no PEPRI pola lexislación urbanística anterior.

Ademais, introdúcese no documento pequenas modificacións que permiten adaptar o PEPRI á nova lexislación urbanística suprimindo as unidades reparcelatorias previstas en SUC, modificar puntualmente a súa normativa de usos e adaptala á terminoloxía do PXOM vixente, incorporar determinadas precisións sobre a lexislación sectorial de Costas (p.ex. introdución do novo deslinde do DPMT) e correccións de detalle da ordenación detectadas no tempo de vixencia deste planeamento.

Debúxase correctamente a liña de respecto arqueolóxica definida no novo PXOM (Planos 9-H e 10-H), que amplía a que figuraba no PEPRI de 2002, modificándose puntualmente a normativa aplicable nesta materia no sentido indicado na Memoria. Tamén se formula unha nova proposta de mellora do tráfico rodado (restrinxido) e peonil, de estacionamento no ámbito e de deseño viario.

PROPOSTA:

Desestimar a alegación, xa que non é obxecto da presente modificación puntual a redelimitación do polígono 2 e a recualificación da finca, respectando a do PEPRI definitivamente aprobado en sesión plenaria do 30.09.2002 (Exp. 5826/411; DOG nº 225, do 21.11.2002; BOP nº 216, do 11.11.2002)."

III.17. Consta no expediente o Informe-Contestación dos servizos técnicos municipais ao informe da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 18.10.2010, no que se xustifica a introducción na versión V.3.(e V.4.) das correccións requiridas en dito informe, no que se conclúe "Informa favorablemente o documento de referencia, condicionado á introducción das correccións que se derivan do presente informe".

III.18. Competencia:

É competente para adoptar o acordo de aprobación provisional que a seguir se propón a Xunta de Goberno Local (Art. 127.1.d] LRBRL), por proposta do Consello de Xerencia da XMU (Arts. 2.A] e 10.1.b] e j] Estatutos XMU).

IV. PROPOSTA

En consecuencia, visto o que antecede e a normativa de pertinente aplicación; en especial, o Art. 86 da LOUGA, proponse a adopción do seguinte,

«ACORDO

PRIMEIRO: Desestimar as seguintes alegacións recibidas no período de información pública:

- Alegación nº 1 (DOC. 100106979), presentada por D^a Juana Fernández Álvarez
- Alegación nº 2 (DOC.100112648), presentada por D. Javier Chouza Gestoso
- Alegación nº 4 (DOC.100123625), presentada por D. Lorenzo Pardo Ocaz
- Alegación nº 6 (DOC.100108683), presentada por D. Fernando Filgueira Rodríguez
- Alegación nº 7 (DOC 100124119), presentada por D^a María José Míguez Abad
- Alegación nº 8 (DOC. 100123722), presentada por D. Alberto Méndez Pereira

- Alegación nº 9 (DOC. 100123723), presentada por D.Alberto Méndez Pereira
- Alegación nº10 (DOC. 100124670), presentada por D.Eliseo Gabriel Baluja Casales, en representación de “A ría non se vende”
- Alegación nº 11 (DOC. 100124998), presentada por Dª Mª Carmen Freire Plana
- Alegación nº 12 (DOC.100124356), presentada por Dª María Isabel Malvar Campos
- Alegación nº 13 (DOC. 100124344), presentada por Dª Lucía Álvarez Álvarez
- Alegación nº 14 (DOC. 100124334), presentada por Dª María Purificación Pérez Leirós
- Alegación nº 15 (DOC. 100124323), presentada por Dª María Cristina Pérez Leirós

Desestimar igualmente as seguintes alegacións idénticas á nº 7 , presentadas fóra de prazo polas seguintes persoas: Mercedes Villanueva Ruíz, André González Villanueva, Cecilia Chenlo Barros, José Luis González Bringas, Simón González Villanueva, Ruth Gallego Villanueva, Fernando Gallego Villanueva, Purificación Villanueva Ruíz, Concepción Villanueva Ruíz, Mª Carmen Carnero Correa, Regina González Villanueva, Elisa Veiga Domínguez, María José Ruíz Veiga

Estimar parcialmente no senso indicado no informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10.05.2011, que figura no expediente as seguintes alegacións recibidas no período de información pública:

- Alegación nº 3 (DOC. 100118597), presentada por D. Ernesto Freire Somoroastro
- Alegación nº 5 (DOC. 100123671), presentada por D. José Iglesias Cajide

SEGUNDO: *Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI) DE BOUZAS”, segundo a documentación v.4., de data de outubro de 2011 elaborada pola Oficina de Planeamento - Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. nº 11703/411).*

TERCEIRO: *Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 69.4 da LOUGA, previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.*

CUARTO: *Remitir unha copia do expediente á administración autonómica en materia de costas, solicitando o informe preceptivo previo á aprobación definitiva previsto nos artigos 112 a) e 117.2 da Lei de Costas .*

Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que estime máis oportuno.

O Consello da Xerencia de Urbanismo, con data 28.10.11, por maioría de votos, acorda someter á Xunta de Goberno local a proposta contida no precedente informe.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Desestimar as seguintes alegacións recibidas no período de información pública:

- Alegación nº 1 (DOC. 100106979), presentada por Dª Juana Fernández Álvarez
- Alegación nº 2 (DOC.100112648), presentada por D. Javier Chouza Gestoso
- Alegación nº 4 (DOC.100123625), presentada por D. Lorenzo Pardo Ocaz
- Alegación nº 6 (DOC.100108683), presentada por D. Fernando Filgueira Rodríguez
- Alegación nº 7 (DOC 100124119), presentada por Dª María José Míguez Abad
- Alegación nº 8 (DOC. 100123722), presentada por D. Alberto Méndez Pereira
- Alegación nº 9 (DOC. 100123723), presentada por D.Alberto Méndez Pereira
- Alegación nº10 (DOC. 100124670), presentada por D.Eliseo Gabriel Baluja Casales, en representación de “A ría non se vende”
- Alegación nº 11 (DOC. 100124998), presentada por Dª Mª Carmen Freire Plana
- Alegación nº 12 (DOC.100124356), presentada por Dª María Isabel Malvar Campos
- Alegación nº 13 (DOC. 100124344), presentada por Dª Lucía Álvarez Álvarez
- Alegación nº 14 (DOC. 100124334), presentada por Dª María Purificación Pérez Leirós
- Alegación nº 15 (DOC. 100124323), presentada por Dª María Cristina Pérez Leirós

Desestimar igualmente as seguintes alegacións idénticas á nº 7 , presentadas fóra de prazo polas seguintes persoas: Mercedes Villanueva Ruíz, André González Villanueva, Cecilia Chenlo Barros, José Luis González Bringas, Simón González Villanueva, Ruth Gallego Villanueva, Fernando Gallego Villanueva, Purificación Villanueva Ruíz, Concepción Villanueva Ruíz, Mª Carmen Carnero Correa, Regina González Villanueva, Elisa Veiga Domínguez, María José Ruíz Veiga

Estimar parcialmente no senso indicado no informe dos servizos técnicos e xurídicos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 10.05.2011, que figura no expediente as seguintes alegacións recibidas no período de información pública:

- Alegación nº 3 (DOC. 100118597), presentada por D. Ernesto Freire Somorostro
- Alegación nº 5 (DOC. 100123671), presentada por D. José Iglesias Cajide

SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a “MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PLAN ESPECIAL DE PROTECCIÓN E REFORMA INTERIOR (PEPRI) DE BOUZAS”, segundo a documentación v.4., de data de outubro de 2011 elaborada pola Oficina de Planeamento - Xestión da Xerencia Municipal de Urbanismo (Exp. nº 11703/411).

TERCEIRO: Someter o expediente completo, debidamente dilixenciado, ó conselleiro da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras da Xunta de Galicia (CMATI – Secretaría xeral de Ordenación do territorio e Urbanismo) para que emita o informe preceptivo previsto no Art. 69.4 da LOUGA, previo á aprobación definitiva da Modificación. Este informe deberá ser emitido no prazo de dous (2) meses desde a entrada do expediente completo no Rexistro da CMATI e terá carácter vinculante no que atinxe ó control da legalidade e a tutela dos intereses supramunicipais, o cumprimento das determinacións das Directrices de Ordenación do Territorio e dos plans territoriais e sectoriais. Transcorrido ese prazo sen que se comunicase o informe recabado, entenderase emitido con carácter favorable e poderá continuarse a tramitación administrativa.

CUARTO: Remitir unha copia do expediente á administración autonómica en materia de costas, solicitando o informe preceptivo previo á aprobación definitiva previsto nos artigos 112 a) e 117.2 da Lei de Costas .

23(1273).- DEVOLUCIÓN DE AVAIS:

A) SERGEYCO S.A. EXPTE. 62121/250

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 06/05/2010 autorizouse a Sergeyco, S.A. á realización dunhas sondaxes xeolóxicas na cidade de Vigo con número de expediente 61527/250, constituíndo unha fianza de 721,68 € (setecentos vinte un con sesenta e oito euros) e con número de operación 201000031328 de data 11/05/2010.

Solicitada a devolución da fianza con data 13/07/2010 (número de documento 100095455) e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 25/10/2011, indícase que o pavimento e as instalacións construídas quedaron en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 721,68 € (setecentos vinte un con sesenta e oito euros), a favor de Sergeyco, S.A.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 721,68 € (setecentos vinte un con sesenta e oito euros), a favor de Sergeycyco, S.A.

B) SÁNCHEZ ÁLVAREZ S.L. EXPTE. 65181/250

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 11/09/2008 a Policía Local solicítanos informe relativo ás condicións para poder acceder con camións de gran tonelaxe, pola rúa Ribeira do Berbés, a nome da empresa Sánchez Álvarez, que está a acometer obras de derruba nos inmobles sitios nos números 23 e 25 da mesma rúa. No informe fíxose unha fianza de 12.000,00 € (doce mil euros) que a empresa solicitante presentou con número de operación 200800041952 de data 05/08/2008.

Solicitada a devolución da fianza con data 14/10/2011 (número de documento 1110132526) e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 25/10/2011, indícase que non se aprecian desperfectos ou danos no pavimento imputable ao tránsito dos mentados camións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 12.000,00 € (doce mil euros), a favor de Sánchez Álvarez, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 12.000,00 € (doce mil euros), a favor de Sánchez Álvarez, S.L.

C) UTE SEGEYCO S.A.-IBÉRICA DE SONDEOS. EXPTE. 62122/250.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 27.10.11, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 11/03/2010 autorizouse á U.T.E. Sergeycyco, S.A.- Ibérica de Sondeos á realización dunhas sondaxes xeolóxicas pertencentes ao Eixo Atlántico de Alta Velocidade con número de expediente 60855/250, constituíndo unha fianza de 2.299,07 € (dous mil douscentos noventa e nove con sete euros) e con número de operación 201000015172 de data 24/03/2010.

Solicitada a devolución da fianza con data 13/07/2010 (número de documento 100095456) e unha vez rematadas as obras, remítese ao inspector de Vías e Obras para informe.

Na inspección realizada con data 25/10/2011, indícase que o pavimento e as instalacións construídas quedaron en perfectas condicións.

Polo que, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 2.299,07 € (dous mil douscentos noventa e nove con sete euros), a favor da U.T.E. Sergeyco, S.A.- Ibérica de Sondeos

Acordo

A Xunta de Goberno local acorda proceder á devolución da fianza de 2.299,07 € (dous mil douscentos noventa e nove con sete euros), a favor da U.T.E. Sergeyco, S.A.- Ibérica de Sondeos.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

24(1274).- SUBSANACIÓN DE ERRO NO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE INFORMACIÓN CIDADÁ: TELÉFONO 010”. EXPTE. 2054/321.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 3.11.11, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro de 2011, con relación ao “Expediente de contratación da prestación do servizo de información cidadá: Teléfono 010”, adoptou o seguinte acordo:

“1º.- Aproba-lo gasto de 981.027,97 euros para a contratación do servizo de “Información Cidadá: Teléfono 010”, que se imputarán a partida 9240 2279900 do presuposto das anualidades seguintes:

▣ Ano 2011	32.155,92 €
▣ Ano 2012	192.935,50 €
▣ Ano 2013	192.935,50 €
▣ Ano 2014	192.935,50 €
▣ Ano 2015	160.779,58 €

2º.- Aproba-lo expediente de contratación para a contratación servizo de “Información Cidadá: Teléfono 010”, que contén o prego de prescricións técnicas particulares de 18/01/2011 e

o prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 03/05/2011.

3º.- Abri-lo procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”

Acordo no que por erro no seu apartado 2º aproba o “prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto de data 03/05/2011”, cando a data correcta do prego de prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto e a de 25 de agosto de 2011, tal e como se ten publicado e anexado ao expediente.

Polo anteriormente exposto e tendo en conta que xa se teñen realizado actuacións encaminadas á resolución do expediente de contratación da prestación do servizo de información cidadá: Teléfono 010”, PROPOÑO a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.- Modificar a data do prego de prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación de servizos por procedemento aberto do apartado 2 do acordo da Xunta de Goberno Local de data 2 de setembro de 2011, con relación ao “Expediente de contratación da prestación do servizo de información cidadá: Teléfono 010”, establecendo a correcta que é a de 25 de agosto de 2011.

2º.- Convalidar as actuacións realizadas ata a data e encaminadas á adxudicación do expediente de contratación da prestación do servizo de información cidadá: Teléfono 010”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

25(1275).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS EL OLIVO PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2011. EXPTE. 4293/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico de data 14.10.11, o informe de fiscalización do 31.10.11, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Festas, do 26.09.11, conformado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural e a concelleira delegada da Área de Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o proxecto de convenio, que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas recreativas “El Olivo” para a coorganización da “FESTA DO MAGOSTO 2011”.

2º.- Facultar á concelleira de Festas para asinar o convenio.

3º.- Autorizar un gasto por importe de 8.300,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, que se aboará á Federación de Peñas recreativas “El Olivo” (CIF G-36.704.666), con cargo á

partida presupostaria 3380.489.0013 (Convenio Federación Peñas - Magosto) do programa presupostario de Festas para o exercicio 2011.

CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2011.

Na Casa do Concello de Vigo, a de de dous mil once.

REUNIDOS

Dunha parte, dona Isaura Abelarias Rodríguez, na súa calidade de concelleira-delegada da Área de Cultura e Festas do Concello de Vigo, na representación legal do mesmo, en virtude do decreto da Alcaldía de 13 de xuño de 2011, sobre delegación de atribucións.

Doutra, don Balbino Moreira Vállez, como presidente da Federación de Peñas recreativas “El Olivo”, CIF nº G-36.704.666 e enderezo social na praza dos Galegos Ilustres de Vigo, na representación da mesma, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 4293/335.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

MANIFESTAN

I.- Que a Federación de Peñas recreativas El Olivo ten por fins, entre outros, o fomento e estimulación da cultura, a organización e desenvolvemento de eventos recreativos e o apoio ás iniciativas desenvolvidas en prol do engrandecemento de Vigo. Deste modo, esta entidade vén organizando nos últimos anos a “Festa do Magosto”, na ribeira do Berbés, con grande éxito organizativo e aceptación entre os cidadáns, estando en condicións de organizar a presente edición.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da Concellería de Festas, está interesado en preservar a cultura, o folclore e as tradicións populares galegas, como é o caso da festa do Magosto. De igual maneira, o Concello está interesado en achegarlle á cidadanía unha oferta cultural diversificada e popular que albergue o maior número posíbel de actividades, dirixidas a todos os sectores culturais. Neste sentido, o magosto é un acontecemento festivo arraigado na cidade de Vigo, que se vén celebrando dende fai vinte anos no Casco Vello da Cidade; primeiramente na Praza da Constitución e na actualidade no Praza do Berbés.

III. Que dende o ano 1996 se veñen asinando diversos convenios de colaboración entre ambas as entidades para desenvolver actividades socioculturais, e os resultados acadados teñen sido moi satisfactorios para ambas as partes.

IV.- Así as cousas, o Concello de Vigo no seu vixente orzamento, na partida 3380.489.0013, prevé nominativamente a concesión dunha subvención por importe de 8.300,00 (oito mil trescentos) euros, a favor da Federación de Peñas recreativas El Olivo.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e 26.1 da Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é a organización da Festa do Magosto 2011 na ribeira do Berbés o 12 de novembro.

VI.- Que a entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 4293/335.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese social e cultural que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade da entidade Federación de Peñas recreativas El Olivo, o Concello de Vigo e a dita entidade conveñen a súa colaboración no ámbito cultural e a concesión da referida subvención en base aos seguintes

PACTOS

Primeiro.- A Federación de Peñas recreativas “El Olivo” comprométese a colaborar coa Concellería de Cultura e Festas do Concello de Vigo en canto a organización da Festa do Magosto, que terá lugar na ribeira do Berbés, e concretamente a:

1º.- Cumprir o programa obxecto deste convenio, segundo o programa que consta no expediente e que foi confeccionado pola comisión organizadora. A comisión encargada da planificación, seguimento e execución deste programa estará formada polos seguintes membros:

- Dúas persoas designadas pola Federación de Peñas Recreativas “El Olivo”.

- En representación do Concello de Vigo, con funcións de supervisión, seguimento e control de todo o referente á organización, desenvolvemento e contratacións: un técnico do Servizo de Festas.

2º.- Comezar as actividades do programa á hora anunciada ó público, comprobar coa antelación suficiente o correcto funcionamento das instalacións e equipamentos, e realizar, no seu caso, as correccións técnicas que resulten necesarias.

3º.- Asumir todo o concernente á organización da “FESTA DO MAGOSTO”, achegando toda a infraestrutura e equipo humano necesarios para tal fin, así como cumprir o programa presentado.

4º.- Contratar todos os elementos necesarios para o bo desenvolvemento do programa (compra das castañas e viño, etc.).

5º.- Darlle á programación a maior difusión posible, utilizando os mecanismos habituais da Concellería de Festas, e respectando a imaxe corporativa do Concello. Para tal fin editaranse polo menos 500 carteis e pancartas exteriores.

6º.- Asumir a edición, produción e difusión de todo o material gráfico da programación do MAGOSTO para o que deberá contar coa conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas.

7º.- Comunicar os posibles cambios no programa que se puidesen producir, antes do seu comezo, para recabar a correspondente conformidade do persoal técnico da Concellería de Festas ás posibles modificacións. Así mesmo, deberán comunicar, á maior brevidade posible, calquera incidencia acontecida durante o desenvolvemento do programa (necesariamente deberase remitir informe escrito do feito acontecido por parte dos responsables da comisión).

8º.- Asumir todos os seguros relativos ás actividades que se inclúen no programa e que procedan segundo a lexislación vixente: responsabilidade civil, accidentes, etc, para dar resposta ás posibles incidencias que se produzan durante o seu desenvolvemento e que serán total responsabilidade da

entidade asinante. A entidade presentará copia destes seguros antes da sinatura do presente convenio.

9º.- Cumprir os horarios máximos de finalización de actividades e espectáculos establecidos pola normativa da Xunta. Así mesmo, deberán cumprir co estipulado na Lei de Ruídos de Galicia, así como nas ordenanzas municipais e outra lexislación ó respecto.

10º.- Obter todos os permisos e autorizacións necesarios para a realización das actividades incluídas no programa.

11º.- Xestionar e aboar a cantidade que corresponda polos dereitos de autor que se xeren pola programación que figura nesta expediente.

12º.- Asumir todos os gastos que se poidan derivar da execución do convenio.

13º.- Durante o desenvolvemento das actividades incluídas no programa, o responsable da comisión organizadora estará en permanente contacto con todo o persoal despregado, así como cos membros de Policía Local, Protección Civil e servizos de primeiros auxilios presentes. Así mesmo, deberá estar en permanente contacto co persoal técnico da Concellería de Festas.

En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei de Galicia 9/2007.

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á Federación de Peñas recreativas El Olivo, unha subvención por importe de 8.300,00 (oito mil trescentos) euros co obxecto de coadjuvar ó financiamento da organización da Festa do Magosto.

O Concello non asume ningún compromiso distinto dos recollidos no presente convenio.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- O pagamento da cantidade recollida no pacto segundo deste convenio realizarase efectuarase por transferencia bancaria conta corrente número 2080.0020.16.0040023628, da entidade bancaria NOVACAIXAGALICIA, da que é titular a entidade beneficiaria, tras a xustificación das axudas.

Quinto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sexto.- A beneficiaria poderá subcontratar con terceiros ata un 100 % do importe da actividade subvencionada.

Non poderán ser subcontratistas as persoas ou entidades a que se refire o apartado 7 do artigo 27 da Lei de Galicia 9/2007.

Sétimo.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada mediante a incorporación do logotipo da Concellería de Cultura e Festas e da imaxe corporativa do evento en todos os soportes publicitarios que edite.

Oitavo.- Segundo o artigo 15.2.a da Lei de Galicia 9/2007, non será necesaria a publicación da presente subvención.

Noveno.- A beneficiaria, unha vez rematada a actividade e antes do peche do exercicio económico, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar:

a) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións previstas no presente convenio, con indicación dos actos celebrados, datos de participación, memoria de prensa, rexistro fotográfico e audiovisual e informe de incidencias.

b) Memoria económica xustificativa do custo final das actividades realizadas, que incorporará:

- Balance económico con detalle dos gastos e ingresos finais e desviacións con relación ao orzamento inicial.

- Relación clasificada dos gastos totais da actividade, con identificación do acredor, número de factura, CIF/NIF, concepto facturado e importe.

- Facturas e demais documentos orixinais de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, polo importe subvencionado. Os ditos documentos, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE; estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención. Se a beneficiaria solicita a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e se o importe do xustificante se imputa total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Relación detallada de outros ingresos ou subvencións que financiaron a actividade, acreditando o seu importe, procedencia e a aplicación dos ditos fondos ás actividades subvencionadas.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da Lei de Galicia 9/2007.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no exercicio económico do convenio.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 30.000 € por execución de obra ou 12.000 € no caso de subministracións ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada, o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención e a súa axeitada xustificación serán comprobados polos servizos da Concellería de Festas. O persoal técnico do Servizo de Festas emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da LG 9/2007.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- A información sobre as actividades, especialmente en carteis e programas, estará integramente en idioma galego, e terá que ser revisada polo Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Vigo. En toda a información figurarán os logotipos da Concellería de Cultura e Festas e da entidade beneficiaria, nas mesmas condicións e tamaños. O material editado deberá contar coa conformidade previa da Concellería de Festas do Concello de Vigo e disporá dos depósitos legais que lle correspondan.

Décimo sexto.- O mecanismo de seguimento da execución deste convenio establécese en base ás memorias e informes que presenten as entidades asinantes e á presenza do persoal técnico da Concellaría de Festas nos actos programados.

Décimo sétimo.- O presente convenio terá vixencia anual a contar dende a data da súa sinatura.

Décimo oitavo.- A concelleira de Festas queda facultada para resolver as posíbeis controversias derivadas da execución e interpretación deste convenio, así como para tomar iniciativas que contribúan ó seu cumprimento e desenvolvemento.

Décimo noveno.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei de Galicia 9/2007 e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Vixésimo.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de Galicia 9/2007 en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Festas.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Festas do Concello de Vigo.

Vixésimo primeiro.- A actividade obxecto deste convenio está destinada ó público en xeral, e o acceso á mesma será público e gratuíto; o número de asistentes limitarase á capacidade do lugar onde se celebre. De todos os xeitos, as actividades, servizos ou produtos ofertados alí poderán traer consigo unha achega económica por parte dos usuarios (billetes, entradas, etc.).

Por este motivo, a entidade beneficiaria proporá ó Concello os prezos para cada unha das actividades, servizos ou produtos, para obter a conformidade da concellería de Festas. A entidade deberá expor durante a celebración da actividade, nun lugar perfectamente visíbel, o listado de prezos de venda ó público.

A tal fin, establecerase un sistema de control de ingresos procedentes do goce ou uso das distintas actividades, que poderán ser billetes ou xustificantes de ingresos, nos que deberán figurar os conceptos e importes, e que estarán numerados correlativamente. A entidade proporalle ó Concello os modelos de billetes ou xustificantes, e tamén o seu número, para obter a correspondente conformidade.

Vixésimo segundo.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei de Galicia 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data antes indicados.

26(1276).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA NICARAGUA. 1ª FASE. EXPTE. 1076/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Nicaragua. 1ª Fase*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 14 de outubro de 2011 para á “*Humanización da Rúa Nicaragua*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 151.687,80 Euros, máis o 18% (27.303,80 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración , o que fai un importe de 178.991,60 Euros (cento setenta e oito mil novecentos noventa e un euros con sesenta céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.24 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 931.008,40 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

Autorizar o gasto por importe de 1.415.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 520,14%, e para a terceira anualidade (2013) nun 790,54%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

27(1277).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MENÉNDEZ PELAYO. 1ª FASE. EXPTE. 1077/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de "*Humanización da Rúa Menéndez Pelayo. 1ª Fase*", ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 14 de outubro de 2011 para á "*Humanización da Rúa Menéndez Pelayo*".

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 117.781,02 Euros, máis o 18% (21.200,58 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 138.981,60 Euros (cento trinta e oito mil novecientos oitenta e un euros con sesenta céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.35 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 1.161.018,40 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

Autorizar o gasto por importe de 1.175.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 835,37%, e para a terceira anualidade (2013) nun 845,43%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

28(1278).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA BRASIL. 1ª FASE. EXPTE. 1063/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Brasil. 1ª Fase*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 7 de outubro de 2011 para á “*humanización da Rúa Brasil*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 69.790,63 Euros, máis o 18% (12.562,31 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 82.352,94 Euros (oitenta e dous mil trescentos cincuenta e dous euros con noventa e catro céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.27 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 1.167.647,06 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

Autorizar o gasto por importe de 850.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 1.417,86%, e para a terceira anualidade (2013) nun 1.032,14%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

29(1279).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA ARAGÓN, FASE II. EXPTE. 1081/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Aragón. Fase II*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 14 de outubro de 2011 para á “*Humanización da Rúa Aragón. Fase II*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 66.942,03 Euros, máis o 18% (12.049,57 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 78.991,60 Euros (setenta e oito mil novecentos noventa e un euros con sesenta céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.28 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 1.021.008,40 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

Autorizar o gasto por importe de 1.400.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 1.292,55%, e para a terceira anualidade (2013) nun 1.772,34%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

30(1280).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA PINTOR COLMEIRO (TRAMO RÚA TARRAGONA-ÁLVARO CUNQUEIRO). EXPTE. 1061/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Pintor Colmeiro (Tramo Rúa Tarragona – Álvaro Cunqueiro)*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescripcíons técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento con data 7 de outubro de 2011 para á “*humanización da Rúa Pintor Colmeiro. (Tramo Rúa Tarragona – Álvaro Cunqueiro)*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 114.727,25 Euros, máis o 18% (20.650,90 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 135.378,15 Euros (cento trinta e cinco mil trescentos setenta e oito euros con quince céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.29 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 734.621,85 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para o próximo ano nun 542,64 %.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

31(1281).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA AVDA. RAMÓN NIETO, FASE II. EXPTE. 1062/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Avda. Ramón Nieto. Fase II*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 7 de outubro de 2011 para á “*Humanización da Avda. Ramón Nieto. Fase II*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 158.809,29 Euros, máis o 18% (28.585,67 Euros) correspondente ao IVE sopor-tado pola Administración, o que fai un importe de 187.394,96 Euros (cento oitenta e sete mil trescentos noventa e catro euros con noventa e seis céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.33 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 1.312.605,04 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás dispoñibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para o próximo ano nun 700,45 %.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

32(1282).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARTÍNEZ GARRIDO, FASE II. EXPTE. 1080/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Martínez Garrido. Fase II*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 14 de outubro de 2011 para á “*Humanización da Rúa Martínez Garrido. Fase II*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 130.501,36 Euros, máis o 18% (23.490,24 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 153.991,60 Euros (cento cincuenta e tres mil novecentos noventa e un euros con sesenta céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.32 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 946.008,40 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

Autorizar o gasto por importe de 1.400.000 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2013.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 614,32 %, e para a terceira anualidade (2013) nun 909,14%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

33(1283).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA DOUTOR MARAÑÓN, 1ª FASE. EXPTE. 1078/440.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.11.11, e de acordo co informe-proposta do xefe do Área de Fomento, de data 3.11.11, conformado polo asesor xurídico da Área de Fomento, o concelleiro-delegado de Fomento e a concelleiro de Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Declarar a urxencia na tramitación do expediente de contratación das obras de “*Humanización da Rúa Doutor Marañón. 1ª Fase*”, ao amparo dos artigos 96 e 128 da LCSP, a efectos da redución de prazos do procedemento e prazo de inicio das obras, trala formalización do contrato.

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas particulares redactado polo xefe da Área de Fomento, con data 14 de outubro de 2011 para á “*Humanización da Rúa Doutor Marañón*”.

3º.- Aprobar o prego de condicións administrativas particulares que rexira a licitación redactado conxuntamente polo Asesor Xurídico da Área de Fomento e o Xefe de Área de Fomento con data 25 de outubro de 2011.

4º.- Ao tratarse de obras de execución plurianual, autorizar o gasto para o presente exercicio por importe de 115.624,55 Euros, máis o 18% (20.812,42 Euros) correspondente ao IVE soportado pola Administración, o que fai un importe de 136.436,97 Euros (cento trinta e seis mil catrocentos trinta e seis euros con noventa e sete céntimos) con cargo a partida orzamentaria 1550.619.00.34 do orzamento municipal vixente.

Autorizar o gasto por importe de 670.563,03 Euros (IVE engadido) con cargo ao orzamento do ano 2012.

O incumprimento da anterior provisión será causa suspensiva ou resolutoria do contrato, no seu caso.

5º.- Para posibilitar a execución do proxecto conforme ao plan de obra previsto e ás disponibilidades orzamentarias, o porcentaxe de gastos establecido para os plurianuais no artigo 174 do R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo que aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais modifícase quedando establecido respecto ao previsto no presente exercicio para a segunda anualidade (2012) nun 491,48%.

6º.- Abrir o procedemento licitatorio para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

34(1284).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.